| CA5.7 Descríbense as características da sinatura electrónica, os seus efectos xurídicos, o proceso para a súa obtención e a normativa estatal e europea que a regula. | ● PE.1 - Cuestionario sobre a materia explicada na unidade                       | S                 | 20                     |
| CA5.8 Procedementouse a solicitude da certificación electrónica para a presentación dos modelos oficiais por vía telemática.  | ● OU.1 - Presentación da solicitude realizada                                    | S                 | 60                     |
| <b>TOTAL</b>  |  |                   | <b>100</b>             |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos                         |
|----------------------------------|
| Sinatura dixital e certificados. |
| Sinatura dixital e certificados. |

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que                   | Como                               |                    |                        | Con que  | Como e con que se valora                   | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación |                    |

| Que e para que   | Como   |  |  | Con que   | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|--|--|--|---|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos   | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| Sinatura e certificado electrónico - Nesta actividade o alumno recoñecerá os diferentes medios de identificación dixitais e valorará a súa importancia do seu uso nas xestións coas administracións publicas | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación da materia</li> <li>• Propor cuestionario test sobre a materia explicada</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Propor a realización da solicitude do certificado dixital ao alumno</li> <li>• Realización do cuestionario</li> <li>• Solicitar o certificado dixital e activación do dni electrónico</li> <li>• Realización e firma dunha factura electrónica</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuestionario</li> <li>• Solicitude do certificado electrónico e dni</li> <li>• Factura dixital cumprimentada</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente (proxector e pantalla) con equipo informático para o profesor.</li> <li>• Computador persoal en rede para os alumnos.</li> <li>• Aula virtual.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Lista de cotexo sobre a utilización de asinatura ou certificado dixital</li> <li>• OU.1 - Presentación da solicitude realizada</li> <li>• PE.1 - Cuestionario sobre a materia explicada na unidade</li> </ul> | 15,0               |
| <b>TOTAL</b>   |  |  |  |   |   | <b>15,0</b>        |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exigibles a acadar polo alumno para superar o módulo son os especificados como tal en cada unha das unidades didácticas.

### CRITERIOS DE AVALIACION

#### PROBA ESCRITA (70%):

En cada avaliación realizarse polo menos unha proba escrita de carácter teórico-práctico sobre os contidos impartidos durante o trimestre.

A media das notas obtidas nestas probas representará o 70% da nota da avaliación trimestral.

#### TRABALLO NA AULA (30%):

O 30% restante da nota da avaliación trimestral virá determinado pola realización obrigatoria dos traballos propostos polo profesor durante o trimestre, e pola participación, colaboración e actitude na aula.

Non entregar calquera actividade proposta na clase como obrigatoria suporá non superar o módulo, así como calquera intento de plaxio.

Os criterios de corrección das probas escritas e traballos serán proporcionados polo profesor antes da súa realización.

### AVALIACIÓN TRIMESTRAL

A nota de cada avaliación será a suma da media aritmética das probas escritas realizadas, que terán un peso do 70% da nota da avaliación. e as producións dos alumnos cun peso do 30%, incluíndo tamén a observación directa do alumnado na aula.

Para facer dita media é preciso acadar a metade da puntuación en cada unha das partes nas probas escritas (parte teórica e práctica), no caso de existir,

Esta media tampouco se calculará se a nota en calquera delas é inferior a 3,5 puntos

Como as notas que figuran a efectos administrativos son números enteiros o achegamento ao número enteiro, a alta ou a baixa, realizarase tendo en conta a observación directa do alumnado.

Considerarase aprobada a avaliación se, tras a aplicación dos anteriores criterios, obtense unha nota media igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

As probas escritas non se repiten. O alumno que non asista na data e hora prevista polo motivo que sexa será examinado da materia no exame de recuperación correspondente.

### AVALIACIÓN FINAL:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.

Se algunha delas esta suspensa, non se calculara a media e o alumno poderase presentar a proba extraordinaria en xuño para superala.

Aqueles alumnos/as que con algunha avaliación suspensa ou non presentada realizaran no mes de xuño unha proba extraordinaria sobre o conxunto da materia, que lles permita recuperala e que substituirá a nota media das avaliacións.

Na proba extraordinaria de xuño pódese recuperar algunha avaliación ou todas.  
Esta proba extraordinaria realizarase sobre os contidos mínimos específicos da materia impartida o longo do curso.

No caso de que o alumno/a fora collido copiando, cambiando o exame,... será avaliado negativamente ata xuño, tendo neste caso que ir xuntamente co alumnado de perda da avaliación continua, se fora o exame final avaliarase negativamente ata a convocatoria do seguinte curso.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

As actividades de recuperación levaranse a cabo con aqueles alumnos que non houberen alcanzado un 5 na avaliación, e polo tanto non teñen alcanzado os mínimos exixidos. Esta recuperación farase, ao final de cada avaliación, trimestral por medio de probas escritas, similares ás realizadas para a avaliación ordinaria e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia.

En todo caso haberá un exame final onde o alumno poderá recuperar as probas que teña pendentes. En caso de non haber tempo suficiente, a proba de recuperación da terceira avaliación poderá ser substituída polo exame final.

Nas probas de recuperación o alumno verá limitada a súa cualificación a un máximo de 5.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Conforme a Orde de 12 de Xullo do 2011 pola que se regula a avaliación e acreditación do alumnado que cursa a formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 15 de xullo), aqueles/as alumnos/as que deixen de asistir ás clases e demais actividades programadas para cada módulo profesional do ciclo formativo un n<sup>o</sup> de horas superior o 10% da duración do módulo (faltas sen xustificar) perderan o dereito o proceso de avaliación continua, o que obriga a establecer un sistema extraordinario de avaliación para dito alumnado, que lle permita evidenciar as competencias establecidas para cada módulo.

A sesión de avaliación coincidirá coa avaliación final ordinaria do ciclo formativo e terá lugar ó remate do período lectivo asignado para o módulo, podendo coincidir coa última avaliación parcial do ano académico.

Os/as alumnos/as que perdan o dereito a avaliación continua no módulo, e queiran acadar unha avaliación positiva do mesmo, terán que facer un exame global que constará de dúas partes, unha teórica da totalidade da materia do módulo e unha proba práctica sobre un suposto práctico relacionado coa materia impartida no módulo (duración máxima 4 horas). Con estas probas terán que ser capaces de demostrar que adquiriron os resultados de aprendizaxe recollidos na programación anual de dito módulo, polo que terán que obter avaliación positiva tanto na parte teórica coma na práctica.

A cualificación da avaliación exprésarase numericamente de 1 a 10, sen decimais, redondeándose, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior, e ao anterior nos demais casos. A cualificación positiva enténdese a partir dun 5.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Tal e como establece a Orde do 12 de xullo, publicada no DOG nº 136 do 15-07-11, cada mes entregarase á xefa de departamento o seguimento da programación e cumprimento da mesma, facendo constar o número de unidades didácticas impartidas no mesmo. En caso de non cumprir as programacións indícarase os motivos de o non cumprimento.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, consultarase co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades con algún alumno respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

Esta avaliación inicial serve para detectar o nivel do alumno antes de comezar o curso e os problemas de aprendizaxe concretos que poden presentar os mesmos.

Como instrumento de avaliación utilizaranse:

- Informes do departamento de orientación.
- Probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno non responda globalmente, reunirase o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

Estas medidas poden consistir con carácter xeral en:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos esixibles.
- Para o alumnado que o precise, repetición individualizada dalgunhas explicacións, adaptación do material para a súa comprensión e reforzo dos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.
- Cando a profesora considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presenten dificultades.
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da clase e nos exercicios que se van a facer, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

- Esforzo persoal

- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Igualdade de oportunidades
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos
- Coidado e utilización dos bens comúns.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Os alumnos participarán nas actividades que fixe, no seu conxunto, o departamento.

## **10.Outros apartados**

### **10.1) DOCENCIA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL**

En todos os casos, o alumnado estará dado de alta na Classroom de G Suite correspondente ao módulo, coa súa conta de correo do instituto e na aula virtual do instituto coa su conta de correo electrónico.

Principalmente, empregarase a aula virtual do IES para proporcionar o material didáctico, realización e entrega de tarefas, cuestionarios, etc

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro           | Concello    | Ano académico |
|----------|------------------|-------------|---------------|
| 36019529 | Ribeira do Louro | Porriño (O) | 2022/2023     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo           | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|------------------------|
| ADG                           | Administración e xestión | CSADG01                   | Administración e finanzas | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome   | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0648       | Recursos humanos e responsabilidade social corporativa | 2022/2023 | 3                | 80           | 96             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                  |
|--------------------------------|------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARTA REY MALLÉN |
| Outro profesorado              |                  |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Segundo o decreto 206/2012, do 4 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Administración e Finanzas, a competencia xeral do título de técnico superior en Administración e Finanzas consiste en organizar e executar as operacións de xestión e administración nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros dunha empresa pública ou privada, aplicando a normativa vixente e os protocolos de xestión de calidade, xestionando a información, asegurando a satisfacción da clientela e/ou das persoas usuarias, e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Segundo o mesmo decreto, a formación do módulo Recursos Humanos e Responsabilidade Social Corporativa contribúe a alcanzar a formación necesaria para desempeñar a función de realizar as tarefas administrativas nos procesos de selección, formación e promoción do persoal, así como coordinar os fluxos de información que se xeren, contribuíndo ao desenvolvemento dunha adecuada xestión dos recursos humanos con aplicación dos principios de ética e responsabilidade social e corporativa propios das organizacións.

A función de realizar tarefas administrativas nos procesos de selección, formación e promoción do persoal abrangue aspectos como:

- ¿ Control da normativa que regula os dereitos e as obrigas dos traballadores e as traballadoras e da parte empresarial.
- ¿ Coordinación dos fluxos de información que se xeran na empresa en materia de xestión de persoal e das relacións laborais.
- ¿ Xestión administrativa dos procesos de selección, formación e promoción do persoal.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na xestión dos procesos de selección, formación e promoción do persoal dunha organización de calquera sector produtivo, necesarios para unha adecuada xestión dos recursos humanos.

Esta programación elabórase co obxectivo central de que o alumnado acade as competencias profesionais mencionadas, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

A presente programación elaborase tendo en conta a área de influencia do centro educativo, O Porriño, cuxo entorno produtivo ten un carácter eminentemente industrial grazas aos seus dous polígonos industriais (empresas de automoción, biotecnoloxía, granito, limpeza, loxística, etc.) ás súas canteiras de granito. Polo tanto, se demandan profesionais de grao medio capaces de realizar actividades con autonomía e de apoio administrativo no ámbito, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención ao cliente/usuario.

Neste senso, é preciso que o ciclo, e polo tanto o presente módulo, prepare ao alumnado para desenvolver este tipo de traballos. A presente programación adecúase a estas necesidades e busca formar persoal administrativo que satisfaga as necesidades e demandas do entorno produtivo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D.   | Título  | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe |     |     |     |     |
|--------|---|---|--------------------|----------|---------------------------|-----|-----|-----|-----|
|        |   |   |                    |          | MP0648_00                 |     |     |     |     |
|        |   |   |                    |          | RA1                       | RA2 | RA3 | RA4 | RA5 |
| 1      | O departamento de Recursos Humanos na empresa                       | Nesta UD aprenderase sobre o departamento de recursos humanos e as súas funcións dentro da empresa, incluíndo a función administrativa.                         | 12                 | 5        |                           |     | X   |     |     |
| 2      | A selección de persoal  | Nesta UD aprenderanse os procesos relativos á selección de recursos humanos, tendo en conta todas as fases a desenvolver dentro da empresa.                     | 24                 | 25       |                           |     |     | X   |     |
| 3      | A xestión dos recursos humanos: motivación, formación e retribución | Nesta UD aprenderase a forma en que as empresas levan a cabo a formación e motivación dos seus traballadores, incluíndo as políticas retributivas das empresas. | 18                 | 25       |                           |     |     |     | X   |
| 4      | A xestión dos recursos humanos: control e avaliación.               | Nesta UD aprenderase sobre a a forma en que a empresa avalía o desempeño dos seus traballadores, as políticas de promoción e o control dos mesmos.              | 18                 | 25       |                           |     | X   |     | X   |
| 5      | Responsabilidade social corporativa (RSC)                           | Nesta UD aprenderanse as implicacións éticas do comportamento da empresa no relativo aos recursos humanos.  | 12                 | 10       |                           | X   |     |     |     |
| 6      | Ética y empresa   | Nesta UD aprenderase a importancia da aplicación dos principios de responsabilidade social corporativa nas empresas.  | 12                 | 10       | X                         |     |     |     |     |
| Total: |   |   | 96                 |          |                           |     |     |     |     |

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                                  | Duración |
|-----|---|----------|
| 1   | O departamento de Recursos Humanos na empresa | 12       |

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Coordina os fluxos de información do departamento de recursos humanos a través da organización, aplicando habilidades persoais e sociais en procesos de xestión de recursos humanos. | NO       |

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades                        | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Describir as funcións do departamento de Recursos Humanos            | 1   | O Departamento de Recursos Humanos            | 5,0                |
| 1.2 Recoñecer os sistemas de control do personal na empresa              |     |   |                    |
| 2.1 Recoñecer os distintos canles de comunicación dentro da empresa      | 2   | A comunicación na empresa                     | 4,0                |
| 3.1 Manter e coñecer a información necesaria para o departamento de RRHH | 3   | A función administrativa dos recursos humanos | 3,0                |
| 3.2 Organizar e conservar a documentación do departamento de RRHH        |     |   |                    |
| 3.3 Valorar a importancia da ley de protección de datos                  |     |   |                    |
| <b>TOTAL</b>   |     |   | <b>12</b>          |

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación   | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|---|--|-------------------|------------------------|
| CA3.1 Descríbense as funcións que cumpra desenvolver na área da empresa que se encarga da xestión de recursos humanos.  | ● PE.1 - As funcións do Departamento de Recursos Humanos   | S                 | 15                     |
| CA3.2 Caracterízanse habilidades de comunicación efectiva nos papeis laborais.  | ● PE.2 - A comunicación no Departamento de Recursos Humanos  | S                 | 10                     |
| CA3.3 Establecéronse as canles de comunicación interna entre os departamentos da empresa, así como entre o persoal e os departamentos.  | ● PE.3 - A comunicación no Departamento de Recursos Humanos  | S                 | 15                     |
| CA3.5 Mantívose actualizada a información precisa para o desenvolvemento das funcións do departamento de recursos humanos.  | ● LC.1 - As funcións do Departamento de RRHH   | S                 | 10                     |
| CA3.6 Estableceuse o xeito de organizar e conservar a documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático.  | ● LC.2 - O método de organización e conservación da documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático. | S                 | 20                     |
| CA3.7 Utilizouse un sistema informático para o almacenamento e o tratamento da información na xestión dos recursos humanos.   | ● LC.3 - Utilización dunha aplicación informática.   | N                 | 10                     |
| CA3.8 Valorouse a importancia da aplicación de criterios de seguridade, confidencialidade, integridade e accesibilidade na tramitación da información derivada da administración de recursos humanos. | ● LC.4 - O método de organización e conservación da documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático. | S                 | 20                     |
| <b>TOTAL</b>  |  |                   | <b>100</b>             |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Recursos humanos na empresa: organización formal e informal.              |
| Departamento de recursos humanos: modelos de xestión de recursos humanos. |
| Comunicación no departamento de recursos humanos.                         |
| Actualización da información: procedementos.                              |
| Rexistro e arquivo de información e de documentación.                     |
| Aplicación da lei de protección de datos.                                 |

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que  | Como   |   |   | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---|--|---|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| O Departamento de Recursos Humanos - Nesta actividade identificaremos o departamento de Recursos Humanos dentro da empresa e describiremos as súas funcións | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición das formas de organización da empresa e das funcións do departamento de Recursos Humanos.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - As funcións do Departamento de RRHH</li> <li>• PE.1 - As funcións do Departamento de Recursos Humanos</li> </ul>                   | 5,0                |
| A comunicación na empresa - Nesta actividade aprenderase os canles de comunicación da empresa tanto internos coma externos.                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición da comunicación na empresa: canles, elementos e técnicas</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul>                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.2 - A comunicación no Departamento de Recursos Humanos</li> <li>• PE.3 - A comunicación no Departamento de Recursos Humanos</li> </ul> | 4,0                |

| Que e para que   | Como   |   |   | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|--|---|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| A función administrativa dos recursos humanos - Nesta actividade aprenderáse a identificar e xestionar a documentación xerada na administración do persoal da empresa. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición da función administrativa do departamento de recursos humanos: organización e conservación de documentos e LOPD</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2 - O metodo de organización e conservación da documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático.</li> <li>• LC.3 - Utilización dunha aplicación informática.</li> <li>• LC.4 - O metodo de organización e conservación da documentación do departamento de recursos humanos en soporte convencional e informático.</li> </ul> | 3,0                |
| <b>TOTAL</b>   |  |   |   |  |  | <b>12,0</b>        |



**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD           | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 2   | A selección de persoal | 24       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Aplica os procedementos administrativos relativos á selección de recursos humanos, elixindo os métodos e os instrumentos máis adecuados á política de cada organización. | SI       |

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades               | Duración (sesións) |
|--|-----|--------------------------------------|--------------------|
| 1.2 Recoñecer e elaborar o perfil profesional dun posto de traballo.<br>1.1 Valorar a importancia do perfil profesional para definir os postos de traballo.  | 1   | A planificación dos Recursos Humanos | 6,0                |
| 2.1 Establecer as fases dun proceso de selección de persoal, identificar a información que se xera en cada fase e elaborar a documentación necesaria en cada fase.<br>2.2 Identificar organismos e empresas dedicadas á selección de persoal.<br>2.3 Coñecer as vías de comunicación e a documentación que se xera nun proceso de selección de persoal e realizar o seu arquivo. | 2   | O proceso de selección de persoal.   | 7,0                |
| 3.1 Coñecer os métodos e instrumentos de selección de persoal.   | 3   | As probas de selección               | 11,0               |
| <b>TOTAL</b>   |     |                                      | <b>24</b>          |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación                     | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA4.1 Identifícanse os organismos e as empresas salientables no mercado laboral dedicados á selección e a formación de recursos humanos.                 | ● PE.1 - A planificación dos Recursos Humanos. | S                 | 10                     |
| CA4.2 Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de selección de persoal e as súas características fundamentais.                                     | ● PE.2 - A selección de personal.              | S                 | 10                     |
| CA4.3 Identifícase a información que se xera en cada fase dun proceso de selección de persoal.   | ● PE.3 - A selección de personal.              | S                 | 5                      |
| CA4.4 Valórouse a importancia do recoñecemento do concepto de perfil do posto de traballo para seleccionar os currículos.                                | ● LC.1 - Simulación de proceso de selección    | S                 | 20                     |
| CA4.5 Establecéronse as características dos métodos e os instrumentos de selección de persoal máis utilizados en función do perfil do posto de traballo. | ● PE.4 - A selección de personal               | S                 | 10                     |
| CA4.6 Elaborouse a documentación necesaria para levar a cabo o proceso de selección.   | ● LC.2 - Simulación de proceso de selección    | S                 | 20                     |
| CA4.7 Establecéronse as vías de comunicación orais e escritas coas persoas que interveñen no proceso de selección.                                       | ● LC.3 - Simulación de proceso de selección    | S                 | 20                     |
| CA4.8 Rexístrouse e arquivouse a información e a documentación salientable do proceso de selección.  | ● LC.4 - Simulación de proceso de selección    | N                 | 5                      |
| <b>TOTAL</b>   |  |                   | <b>100</b>             |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Organismos e empresas de selección e formación de recursos humanos. |
| ORexistro e arquivo da información e documentación.                 |
| Planificación dos recursos humanos.                                 |
| Determinación do perfil profesional.                                |
| Sistemas de selección de persoal.                                   |
| Elaboración da oferta de emprego.                                   |
| Recepción de candidaturas.  |
| Desenvolvemento das probas de selección.                            |
| Elección da persoa candidata.                                       |
| Información ao novo persoal sobre a documentación deba achegar.     |

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que  | Como   |   |   | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|---|--|---|---|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| A planificación dos Recursos Humanos - Nesta actividade analizaremos como se fai a descrición dun posto de traballo e como se establece o seu perfil. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición do proceso de planificación de recursos humanos e da confección do perfil profesional do posto de traballo. Demostración práctica de elaboración de perfís profesionais.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Simulación de proceso de selección</li> <li>• PE.4 - A selección de personal</li> </ul>   | 6,0                |
| O proceso de selección de persoal. - Nesta actividade describiremos as diferentes fases dun proceso de selección de persoal.                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición das diferentes fases dun proceso de selección de persoal. Demostración práctica e simulacións das fases do proceso de selección de persoal.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul>                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2 - Simulación de proceso de selección</li> <li>• LC.3 - Simulación de proceso de selección</li> <li>• LC.4 - Simulación de proceso de selección</li> <li>• PE.1 - A planificación dos Recursos Humanos.</li> <li>• PE.2 - A selección de personal.</li> <li>• PE.3 - A selección de personal.</li> </ul> | 7,0                |

| Que e para que   | Como   |   |   | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|--|---|---|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| As probas de selección - Nesta actividade coñeceremos as diferentes probas existentes para a selección de persoal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición dos métodos e instrumentos de selección de persoal. Demostración práctica e simulacións de instrumentos de selección de persoal.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos.</li> <li>• Resolución do suposto global.</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.4 - A selección de persoal</li> </ul> | 11,0               |
| <b>TOTAL</b>   |  |   |   |  |   | <b>24,0</b>        |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 3   | A xestión dos recursos humanos: motivación, formación e retribución | 18       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA5 - Xestiona os procedementos administrativos relativos á formación, a promoción e o desenvolvemento de recursos humanos, designando os métodos e os instrumentos máis adecuados. | NO       |

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades             | Duración (sesións) |
|---|-----|------------------------------------|--------------------|
| 1.1 Planificar as fases do proxecto de formación.<br>1.2 Establecer as características dos métodos e instrumentos do proceso de formación.<br>1.3 Elaborar o proxecto de formación.<br>1.4 Reunir información sobre as necesidades formativas da empresa.<br>1.5 Xestionar e avaliar a formación. | 1   | A formación dos Recursos Humanos   | 10,0               |
| 2.1 Establecer métodos de motivación del personal.  | 2   | A motivación dos Recursos Humanos  | 4,0                |
| 3.1 Describir a estrutura salarial dunha empresa ou sector.<br>3.2 Coñecer os conceptos monetarios e non monetarios que definen o salario.  | 3   | A retribución dos Recursos Humanos | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>  |     |                                    | <b>18</b>          |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA5.1 Planificáronse as fases dos procesos de formación e promoción de persoal.                              |   |                   |                        |
| <b>CA5.1.1 Planificáronse as fases dos procesos de formación de persoal.</b>                                 | ● PE.1 - As fases dun proceso de formación de persoal.                                | S                 | 5                      |
| CA5.2 Establecéronse as características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación.             | ● PE.2 - As características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación.  | S                 | 5                      |
| CA5.3 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de formación e promoción de persoal. |   |                   |                        |
| <b>CA5.3.1 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal.</b>    | ● PE.3 - A información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal. | S                 | 10                     |
| CA5.4 Elaborouse a documentación necesaria para efectuar os procesos de formación e promoción de persoal.    |   |                   |                        |
| <b>CA5.4.1 Elaborouse a documentación necesaria para efectuar os procesos de formación de persoal.</b>       | ● LC.1 - Elaboración do proxecto formativo.   | S                 | 20                     |
| CA5.5 Establecéronse os métodos de valoración do traballo e de incentivos.                                   |   |                   |                        |
| <b>CA5.5.1 Establecéronse os métodos de motivación do personal.</b>  | ● PE.4 - Os instrumentos de motivación do personal                                    | S                 | 10                     |

| Cráterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación   | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|--|-------------------|------------------------|
| CA5.5.2 Establecéronse os sistemas de retribución do persoal.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Os sistemas de retribución do persoal</li> </ul>                                   | S                 | 10                     |
| CA5.6 Reuníuse información sobre as necesidades formativas da empresa.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - As necesidades formativas das empresas.</li> </ul>                                 | S                 | 10                     |
| CA5.7 Detectáronse as necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación.                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - As necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación.</li> </ul> | N                 | 10                     |
| CA5.8 Establecéronse as vías de comunicación orais e escritas coas persoas que interveñen nos procesos de formación e promoción. |  |                   |                        |
| CA5.8.1 Establecéronse as vías de comunicación orais e escritas coas persoas que interveñen nos procesos de formación.           | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - A comunicación nos procesos de formación de persoal.</li> </ul>                    | S                 | 5                      |
| CA5.9 Rexístrouse e arquivouse a información e a documentación salientable dos procesos de formación e promoción de persoal.     |  |                   |                        |
| CA5.9.1 Rexístrouse e arquivouse a información e a documentación salientable dos procesos de formación de persoal.               | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Arquivo e documentación do proceso de formación do persoal.</li> </ul>             | N                 | 5                      |
| CA5.10 Aplicáronse os procedementos administrativos de seguimento e avaliación da formación.                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Procedementos de seguimento e avaliación da formación.</li> </ul>                  | S                 | 10                     |
| <b>TOTAL</b>   |  |                   | <b>100</b>             |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Formación na empresa: detección das necesidades.<br>Oseguimento e avaliación da formación.<br>Plan de formación: recursos materiais e humanos.<br>Avaliación do plan: orzamento.<br>Xestión e organización da formación: procedementos administrativos.<br>Programas de formación das administracións públicas.<br>Sistemas de promoción e incentivos.<br>Rexistro e arquivo da información e da documentación. |

#### 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que                   | Como                               |                    |                        | Con que  | Como e con que se valora                   | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
|                                  | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación |                    |
| Actividade (título e descrición) |                                    |                    |                        |          |  |                    |

| Que e para que   | Como  |   |  | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|---|---|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| A formación dos Recursos Humanos - Nesta actividade estudaremos a importancia da formación para as empresas e describiremos os métodos e instrumentos de formación e a forma de financeira. Tamén estudaremos como elaboran e xestionan as empresas o seu proxecto de formación. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición das características da formación na empresa. O proxecto formativo e as súas fases.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul>       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global restolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Elaboración do proxecto formativo.</li> <li>• LC.2 - As necesidades formativas das empresas.</li> <li>• LC.3 - Arquivo e documentación do proceso de formación do persoal.</li> <li>• PE.1 - As fases dun proceso de formación de persoal.</li> <li>• PE.2 - As características dos métodos e os instrumentos dos procesos de formación.</li> <li>• PE.3 - A información que se xera en cada fase dos procesos de formación de persoal.</li> <li>• PE.6 - As necesidades de recursos materiais e humanos no proceso de formación.</li> <li>• PE.7 - A comunicación nos procesos de formación de persoal.</li> <li>• PE.8 - Procedementos de seguimento e avaliación da formación.</li> </ul> | 10,0               |
| A motivación dos Recursos Humanos - Nesta actividade analizaranse os principais instrumentos de motivación do persoal.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición da motivación laboral e dos distintos instrumentos de motivación</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul>                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global restolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.4 - Os instrumentos de motivación do persoal</li> </ul>  | 4,0                |
| A retribución dos Recursos Humanos - Nesta actividade aprenderemos os sistemas de remuneración e estudaremos a estrutura salarial recollida nos convenios colectivos.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición dos sistemas de remuneración e da estrutura salarial recollida nos convenios colectivos.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global restolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Encerado</li> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.5 - Os sistemas de retribución do persoal</li> </ul>   | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>   |   |   |  |  |  | <b>18,0</b>        |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD  | Duración |
|-----|---|----------|
| 4   | A xestión dos recursos humanos: control e avaliación. | 18       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Coordina os fluxos de información do departamento de recursos humanos a través da organización, aplicando habilidades persoais e sociais en procesos de xestión de recursos humanos. | NO       |
| RA5 - Xestiona os procedementos administrativos relativos á formación, a promoción e o desenvolvemento de recursos humanos, designando os métodos e os instrumentos máis adecuados.        | NO       |

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades                     | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 Coñecer diversos sistema de avaliación do desempeño e a importancia da súa aplicación na empresa. | 1   | A avaliación do desempeño.                 | 8,0                |
| 1.2 Elaborar a documentación que se deriva dos procesos de avaliación do desempeño do persoal.        |     |  |                    |
| 2.1 Coñecer e valorar a importancia dos sistemas de promoción do persoal na empresa.                  | 2   | A promoción e desenvolvemento profesional. | 6,0                |
| 2.2 Elaborar a documentación que se deriva dos procesos de promoción do persoal.                      |     |  |                    |
| 3.1 Coñecer os sistemas de control de persoal e analizar a información que proporcionan.              | 3   | O control do persoal                       | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>  |     |  | <b>18</b>          |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA3.4 Analizouse a información que proporcionan os sistemas de control de persoal para a mellora da xestión da empresa.          | ● PE.1 - As fases dos procesos de avaliación do desempeño do persoal.                               | S                 | 20                     |
| CA5.1 Planificáronse as fases dos procesos de formación e promoción de persoal.  |   |                   |                        |
| <b>CA5.1.2 Planificáronse as fases dos procesos de promoción de persoal.</b>   | ● PE.2 - A información que se xera en cada fase dos procesos de promoción do persoal.               | S                 | 20                     |
| CA5.3 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de formación e promoción de persoal.                     |   |                   |                        |
| <b>CA5.3.2 Identificouse a información que se xera en cada fase dos procesos de promoción de persoal.</b>                        | ● LC.1 - A documentación necesaria para efectuar os procesos de avaliación do desempeño do persoal. | S                 | 20                     |
| CA5.4 Elaborouse a documentación necesaria para efectuar os procesos de formación e promoción de persoal.                        |   |                   |                        |
| <b>CA5.4.2 Elaborouse a documentación necesaria para efectuar os procesos de promoción de persoal.</b>                           | ● PE.3 - A comunicación nos procesos de promoción de persoal.                                       | S                 | 10                     |
| CA5.8 Establecéronse as vías de comunicación orais e escritas coas persoas que interveñen nos procesos de formación e promoción. |   |                   |                        |
| <b>CA5.8.2 Establecéronse as vías de comunicación orais e escritas coas persoas que interveñen nos procesos de promoción.</b>    | ● LC.2 - Arquivo e documentación do proceso de promoción do persoal.                                | N                 | 10                     |
| CA5.9 Rexistrouse e arquivouse a información e a documentación salientable dos procesos de formación e promoción de persoal.     |   |                   |                        |

| Cráterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA5.9.2 Rexistrouse e arquivouse a información e a documentación salientable dos procesos de promoción de persoal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Sistemas de control de persoal</li> </ul> | S                 | 20                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

#### 4.4.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| Sistemas de control de persoal.<br><br>Métodos do desenvolvemento profesional.<br><br>Programas de avaliación do desempeño do posto de traballo.<br><br>Rexistro e arquivo da información e da documentación. |

#### 4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que  | Como   |   |   | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|---|--|---|---|--|---|--------------------|
|   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| A avaliación do desempeño. - Nesta actividade estudaremos que se entende por avaliación do desempeño e coñeceremos os métodos de avaliación.            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Descrición do concepto de avaliación do desempeño e dos métodos de avaliación.</li> <li>Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución dos casos prácticos</li> <li>Resolución do suposto global</li> <li>Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> <li>Proba escrita resolta</li> <li>Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>Encerado</li> <li>Aula virtual - GSuite</li> <li>Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - A documentación necesaria para efectuar os procesos de avaliación do desempeño do persoal.</li> <li>LC.2 - Arquivo e documentación do proceso de promoción do persoal.</li> <li>PE.2 - A información que se xera en cada fase dos procesos de promoción do persoal.</li> <li>PE.4 - Sistemas de control de persoal</li> </ul> | 8,0                |
| A promoción e desenvolvemento profesional. - - Nesta actividade describiremos os procesos de promoción e desenvolvemento profesional dos traballadores. | <ul style="list-style-type: none"> <li>Descrición dos procesos de promoción dos traballadores.</li> <li>Corrección dos casos prácticos.</li> </ul>                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>Resolución dos casos prácticos</li> <li>Resolución do suposto global</li> <li>Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> <li>Proba escrita resolta</li> <li>Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>Encerado</li> <li>Aula virtual - GSuite</li> <li>Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - A comunicación nos procesos de promoción de persoal.</li> </ul>   | 6,0                |



| Que e para que  | Como   |   |  | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|---|--|---|--|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| O control do personal - Nesta actividade aprenderase sobre os sistemas de control de personal e da documentación que se xera neste proceso. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición dos sistemas de control de personal e da utilidade para a empresa do mesmo.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global restolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - As fases dos procesos de avaliación do desempeño do persoal.</li> </ul> | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>  |  |   |  |  |   | <b>18,0</b>        |

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                              | Duración |
|-----|---|----------|
| 5   | Responsabilidade social corporativa (RSC) | 12       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Contrasta a aplicación dos principios de responsabilidade social corporativa nas políticas de desenvolvemento dos recursos humanos das empresas, valorando a súa adecuación ás boas prácticas validadas internacionalmente. | SI       |

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades              | Duración (sesións) |
|---|-----|-------------------------------------|--------------------|
| 1.1 Analizar a normativa referente a Responsabilidade Social Corporativa          | 1   | Responsabilidade social corporativa | 12,0               |
| 1.2 Describir boas prácticas e iniciativas en Responsabilidade Social Corporativa |     |                                     |                    |
| <b>TOTAL</b>  |     |                                     | <b>12</b>          |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Defínese o concepto de responsabilidade social corporativa (RSC).  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - O concepto de responsabilidade social corporativa (RSC).</li> </ul>   | S                 | 20                     |
| CA2.2 Analizáronse as políticas de recursos humanos canto a motivación, mellora continua, promoción e recompensa, entre outros factores.                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Políticas de recursos humanos canto a motivación, mellora continua, promoción e recompensa, entre outros factores.</li> </ul>                               | S                 | 20                     |
| CA2.3 Analizáronse as recomendacións e a normativa europea e española de organizacións intergubernamentais con respecto á RSC e ao desenvolvemento dos recursos humanos. | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Recomendacións e normativa europea e española de organizacións intergubernamentais con respecto á RSC e ao desenvolvemento dos recursos humanos.</li> </ul> | S                 | 20                     |
| CA2.4 Descríbense as boas prácticas e iniciativas canto a códigos de conduta relacionados cos dereitos dos traballadores e das traballadoras.                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Boas prácticas e iniciativas canto a códigos de conduta relacionados cos dereitos dos traballadores e das traballadoras.</li> </ul>                         | S                 | 20                     |
| CA2.5 Programáronse puntos de control para o contraste do cumprimento das políticas de RSC e códigos de conduta na xestión dos recursos humanos.                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Establecemento dos puntos de control para o contraste do cumprimento das políticas de RSC e códigos de conduta na xestión dos recursos humanos.</li> </ul>  | N                 | 20                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

**4.5.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| RSC: recomendacións e normativa europea e doutros organismos intergubernamentais (OIT, etc.). |
| Políticas de recursos humanos e RSC.  |
| Códigos de conduta e boas prácticas.  |

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que  | Como  |   |   | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Responsabilidade social corporativa - Nesta actividade estudaremos a Responsabilidade Social Corporativa, identificando a normativa existente a nivel europeo, estatal e autonómico | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición das formas de organización da empresa e das funcións do departamento de Recursos Humanos</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - O concepto de responsabilidade social corporativa (RSC).</li> <li>• PE.2 - Políticas de recursos humanos canto a motivación, mellora continua, promoción e recompensa, entre outros factores.</li> <li>• PE.3 - Recomendacións e normativa europea e española de organizacións intergubernamentais con respecto á RSC e ao desenvolvemento dos recursos humanos.</li> <li>• PE.4 - Boas prácticas e iniciativas canto a códigos de conduta relacionados cos dereitos dos traballadores e das traballadoras.</li> <li>• PE.5 - Establecemento dos puntos de control para o contraste do cumprimento das políticas de RSC e códigos de conduta na xestión dos recursos humanos.</li> </ul> | 12,0               |
| <b>TOTAL</b>  |   |   |   |  |  | <b>12,0</b>        |

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD    | Duración |
|-----|-----------------|----------|
| 6   | Ética y empresa | 12       |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Caracteriza a empresa como unha comunidade de persoas, distinguindo as implicacións éticas do seu comportamento con respecto aos implicados nesta. | SI       |

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|-----|------------------------|--------------------|
| 1.1 Identificar as variables éticas e culturais das empresas e determinar as actividades realizadas polas empresas e as persoas implicadas. | 1   | Ética empresarial      | 12,0               |
| 1.2 Identificar os grupos de interese ante os que a empresa debemostrar comportamento ético e establecer as normas de conduta ante estes.   |     |                        |                    |
| <b>TOTAL</b>  |     |                        | <b>12</b>          |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Determináronse as actividades realizadas na empresa, as persoas implicadas e a súa responsabilidade nelas.   | ● PE.1 - As actividades realizadas na empresa, as persoas implicadas e a súa responsabilidade nelas.  | S                 | 30                     |
| CA1.2 Identificáronse claramente as variables éticas e culturais das organizacións.  | ● PE.2 - As variables éticas e culturais das organizacións.   | S                 | 20                     |
| CA1.3 Avaliáronse as implicacións entre competitividade empresarial e comportamento ético.   | ● PE.3 - As implicacións entre competitividade empresarial e comportamento ético.   | S                 | 10                     |
| CA1.4 Definíronse estilos éticos de adaptación aos cambios empresariais, á globalización e á cultura social presente.  | ● PE.4 - Os estilos éticos de adaptación aos cambios empresariais, á globalización e á cultura social presente.                                     | S                 | 10                     |
| CA1.5 Seleccionáronse indicadores para o diagnóstico das relacións das empresas e os interesados (stakeholders).   | ● LC.1 - Selección de indicadores para o diagnóstico das relacións das empresas e os interesados (stakeholders)                                     | S                 | 20                     |
| CA1.6 Determináronse elementos de mellora das comunicacións das organizacións externas e internas que promovan a transparencia, a cooperación e a confianza. | ● PE.5 - Os elementos de mellora das comunicacións das organizacións externas e internas que promovan a transparencia, a cooperación e a confianza. | S                 | 10                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Ética e empresa: empresa como comunidade e suxeito moral.   |
| Personificación das tarefas: comportamentos e actitudes.  |
| Comunidade de persoas implicadas (stakeholders): persoal directivo, empregados e empregadas, accionistas, clientela e persoas usuarias. |
| Ética empresarial, competitividade e globalización.   |
| Valores empresariais e sociais en vigor. Adecuación de comportamentos. Imaxe e comunicación de comportamentos éticos.                   |

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que   | Como  |   |   | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|---|---|---|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| Ética empresarial - Nesta actividade estudaremos que se entende por ética empresarial e estableceremos a importancia da ética na actividade empresarial. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Descrición do concepto de ética empresarial e de como se plasma na empresa.</li> <li>• Corrección dos casos prácticos</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolución dos casos prácticos</li> <li>• Resolución do suposto global</li> <li>• Proba escrita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos</li> <li>• Proba escrita resolta</li> <li>• Suposto global resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos e acceso a internet</li> <li>• Encerado</li> <li>• Aula virtual - GSuite</li> <li>• Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1 - Selección de indicadores para o diagnóstico das relacións das empresas e os interesados (stakeholders)</li> <li>• PE.1 - As actividades realizadas na empresa, as persoas implicadas e a súa responsabilidade nelas.</li> <li>• PE.2 - As variables éticas e culturais das organizacións.</li> <li>• PE.3 - As implicacións entre competitividade empresarial e comportamento ético.</li> <li>• PE.4 - Os estilos éticos de adaptación aos cambios empresariais, á globalización e á cultura social presente.</li> <li>• PE.5 - Os elementos de mellora das comunicacións das organizacións externas e internas que promovan a transparencia, a cooperación e a confianza.</li> </ul> | 12,0               |
| <b>TOTAL</b>   |   |   |   |  |   | <b>12,0</b>        |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación na Formación Profesional debe basearse na medición do grao de dominio das competencias profesionais. Esta medición realízase analizando as evidencias de competencia que produce o alumnado durante a realización das probas.

Na presente programación, están asociados os CAs de cada UD cun tipo de proba e esta cun instrumento de avaliación. En cada unidade didáctica establécese o instrumento a aplicar segundo os contidos da mesma.

- Se o instrumento é proba escrita esta poderá ser exame teórico e/ou práctico, traballos, etc. As probas teóricas poden ser de resposta curta, cumprimentar, resposta larga, tipo test (con e sen desconto de erros).
- Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

Da mesma forma, en cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exigibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal, este indicador de mínimos adaptárase ás circunstancias persoais e sociais de cada un dos alumnos/as.

No correspondente aos criterios de cualificación e ponderación. Para superar positivamente o módulo aplicáranse os seguintes criterios:

1.- Ao longo de cada trimestre valorárase cada CA co procedemento e instrumento de avaliación que figura no cadro de actividades de cada UD, adxudicándolle o peso % que figura nas táboas e tendo en conta os mínimos exigibles. Terán forma de proba combinada.

A cualificación da correspondente avaliación elaborárase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- 10% entrega e realización dos casos prácticos de cada unidade na clase e/ou na casa.
- 90% cualificación das probas escritas e suposto global no terceiro trimestre.

3.- A cualificación trimestral será a nota media aritmética das UD impartidas e avaliadas, completamente, no trimestre. Esta media non se calculará se a nota en calquera delas é inferior a 4 puntos.

Considerárase aprobada a avaliación se, tras a aplicación dos anteriores criterios, obtense unha nota media igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

4.- A cualificación reflexarase mediante un número enteiro entre 1 e 10. Se tras a aplicación dos criterios anteriores resultase un número non enteiro aplicarase coma criterio de redondeo o comportamento do alumnado na aula.

Nesta etapa é necesario que o alumnado asimile que o seu comportamento debe asimilarse ao que debería ter no seu futuro posto de traballo, polo que terase en conta: iniciativa propia, traballo en equipo, esforzo, interese, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, responsabilidade, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

3.- A nota final do módulo será a nota media das avaliacións trimestrais, sempre e cando todas estean superadas con a lo menos un 5. De non ser así, o alumno/a deberá facer un exame final de recuperación con aquelas avaliacións suspensas.

Existirá un exame final, no mes de Xuño, para todo aquel alumnado que non supere (ben sexa total ou parcialmente) o módulo. Consistirá nunha

proba teórico práctica. Tamén existirá unha proba única final para todo alumnado con perda de avaliación continua.

No caso de que o alumno/a non se presente ó exame ou proba este non será repetido e o alumno/a terá que acudir aos exames de recuperación, agás que a falta este debidamente xustificada por causa de forza maior a criterio da docente.

O profesor reservarase o dereito a avaliar negativamente un traballo, proba ou exame xa feito, global ou individualmente, si existen dúbidas sobre a posibilidade de copia, falsificación ou plaxio. Nestes casos o alumno/a unicamente terá opción á recuperación da avaliación correspondente no mes de xuño.

Debido a que a materia impártese un conxunto de alumnos/as moi heteroxéneo os procedementos e instrumentos de avaliación poderán ser modificados a criterio do profesorado para adaptalos as dinámicas concretas de cada grupo de alumnado.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Os alumnos/as que non superen algunha/s avaliación/s poderán facer, na última semana do curso, unha proba de recuperación final.

O remate das clases, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que cada alumno/a recuperará os CAs e SubCAs que non teña superados; sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala. Estes CAs e SubCAs valoraranse utilizando o procedemento, instrumento de avaliación, ponderación e mínimo exixibles detallados no deseño das UD. Será necesario recuperar unicamente os CAs e SubCAs non superados.

As actividades de recuperación consistirán en realizar actividades de reforzo coa atención personalizada máxima posible que preparen o alumnado implicado para superar as probas de recuperación. Ao remate do curso, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, haberá sesións de recuperación co asesoramento directo da docente nas que o alumnado terá ocasión de superar os CAs e SubCAs pendentes.

Independentemente desta proba, contéplase a posibilidade de realizar outras probas de recuperación ao longo do curso, que seguirán os criterios explicados con anterioridade.

Os alumnos/as que promocionen ao 2º curso con este módulo pendente terán que facer dúas probas combinadas como mínimo, unha por trimestre. Se non fan estas probas realizarán tras finalizar a segunda avaliación, unha proba combinada de toda a materia do módulo. Aplicaranse os criterios de avaliación xa explicados. Para superar o módulo os alumnos/as deberán obter una cualificación igual ou superior a 5 puntos en cada proba.

No terceiro trimestre, aquel alumno/a que non superara o módulo na avaliación ordinaria de 2º curso, fará proba combinada final, coa finalidade de superar o módulo en xuño.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

O alumnado que supere o 10% de faltas de asistencia perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada UD e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria baseada na totalidade dos contidos mínimos esixibles que se puntuará de 1 a 10, tendo que obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar o módulo. Esta proba incluírá contidos teóricos e prácticos, tendo estes últimos unha maior presenza (80% como mínimo)

Para estes alumnos/as a calificación final do módulo formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A programación didáctica faise coma unha proposta do proceso de ensino-aprendizaxe tanto para o docente como para o alumnado, non obstante será necesario facer adaptacións en tempos, contidos e actividades a medida que vai avanzando o curso académico.

Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación. Neste seguimento se fará unha comparación entre o detallado nesta programación e a realidade da práctica docente na aula. Valorarase o grao de cumprimento da programación en relación as actividades de ensino-aprendizaxe, e se farán propostas de mellora. Farase empregando a aplicación informática, na opción de ¿seguimento de programación¿ da páxina: [edu.xunta.es/programacións](http://edu.xunta.es/programacións).

Ao finalizar o curso académico realizarase unha valoración global da programación e da práctica docente. Isto incluírá a realización dunha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente e o rendemento global do grupo.

Estas actividades de autoevaluación da tarefa docente e valoración da programación didáctica veranse reflexadas na Memoria de Fin de Curso y deberán ser incluídas na programación didáctica del curso seguinte.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

As necesidades educativas e o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna é distinto, o que fai que o proceso de ensino-aprendizaxe teña que matizarse en función das súas características.

A observación do alumnado e a realización de actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa de todo o alumnado. O obxectivo será valorar:

-A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material.

-Asistencia e comportamento

-Coñecementos e formación anterior.

- A situación persoal do alumnado, no caso de que esta puidese afectar ao seu rendemento na aula.



Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas de reforzo educativo de tipo curricular e adaptación dos recursos e materiais.

Unha vez realizada a Avaliación Inicial por cada profesor/a, haberá unha posta en común entre os membros do equipo docente, o titor/a (que aportará a información que resulte de interese do seu grupo de alumnos/as) e o xefe/a do Departamento de Orientación, se procede. Nesa sesión de avaliación inicial, chegarase a distintos acordos, como por exemplo a coordinación das distintas medidas de atención á diversidade que se van aplicar: Reforzos Educativos, Flexibilización Modular...

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Todo o alumnado debe acadar os mínimos exixibles reflectidos nesta programación. Ante as dificultades de aprendizaxe dos mesmos por parte do alumnado debido á falta de base, dificultades de comprensión, etc., propóñense as seguintes adaptacións curriculares non significativas:

- Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran.
- Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo.
- A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.
- Deseñaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que non son capaces de seguir o ritmo normal da clase.
- Deseñaranse actividades de ampliación para aqueles alumnos que superan con facilidade as actividades de ensino-aprendizaxe programadas.
- Propoñeranse actividades que permitan profundizar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.
- Seguimento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación inicial.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

A educación en valores cívicos e profesionais esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática. Fomentarase na aula, valores coma: a convivencia, o respecto, a tolerancia, a colaboración, o esforzo, e a sensibilidade cara ao mundo que nos rodea e, todos aqueles aspectos que permitan que os nosos alumnos/as sexan mellores persoas, cidadáns e profesionais, con excelentes competencias profesionais, sociais e cívicas.

Se tratarán os seguintes temas transversais:

- Igualdade de dereitos e oportunidades no mundo do traballo.
- Respecto ao medio ambiente.
- Defensa dos consumidores
- Responsabilidade social das empresas.
- Fomento do consumo responsable.
- Esforzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado

- Rexeitamento dos malos tratos

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ademais das actividades de ensino-aprendizaxe das UD, é importante programar actividades extraescolares cuxo obxecto é completar a formación do alumnado e acercalo á realidade social. Este tipo de actividades se programarán en función da dispoñibilidade horaria e dos intereses que mostre o alumnado. Algúns exemplos de actividades extraordinarias que se planificarán ao longo do curso son:

- Visitas a empresas da zona, para que o alumnado comprenda a realidade da empresa dende dentro.
- Organización de charlas ou conferencias en función das posibilidades e necesidades que se vaian observando na aula.

Ao longo do curso realizaranse as actividades complementarias que determine o departamento Administrativo.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia:

O módulo impartirase empregando ferramentas informáticas (word, excel, programas específicos,...) o que nos facilitaría a continuidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe no caso de ensinanza a distancia.

Por outra banda estará a disposición do alumando na Classroom todo o material que se irá impartindo o longo do curso. Esta aula virtual será a principal vía para a ensinanza telemática no caso de que haxa confinamento (dalgún alumno/a ou de todo o grupo).

Ante a eventualidade de confinamento parcial, aqueles alumnos/as que non puideran asistir as clases, poderán seguir o módulo a través da plataforma tendo acceso tanto o material coma as tarefas que se van realizando no día a día. A entrega de actividades farase en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

En caso de que o confinamento sexa total, farase un uso máis extensivo das tecnoloxías empregando ferramentas como programas de videoconferencia, videotutoriais, correos electrónicos, etc...

O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida pola profesora, sempre no horario lectivo. En caso de non facelo se lle computará a falta correspondente na aplicación XADE.

Para a realización das probas escritas, empregarase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia (para ter contacto visual co alumnado).

Dada a dificultade de control, estableceranse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumnos/as que haxa no matriculados.

En caso de sospeita por parte da profesora de falsidade no exame poderase citar ó alumno/a telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira a profesora sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser gravada co consentimento do alumno/a para presentarse como proba en caso de reclamacións). As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumno/a considerarase suspenso.

Para os outros dous escenarios ensino semipresencial ou ensino non presencial os mínimos exixibles e criterios de cualificación en caso de confinamento serán os mesmos que para a ensinanza presencial. A diferenza darase no xeito en que se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que pasarán a ser telemáticas tal e como se explica a continuación

#### SEMIPRESENCIAL

No caso de simultanear alumnado na aula e na casa, será imprescindible contar cunha cámara ou un portátil, para que os que queden na casa poidan seguir as clases en directo.

Para a realización das tarefas tanto propostas na clase como como actividades de reforzo fora do horario, traballarase coas contas de GSuite, na Classroom. Subiranse os materiais necesarios para que poidan realizalas e daráselles un tempo para a súa entrega. Unha vez finalizadas, subiranas ao aula para a súa corrección e cualificación en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

Nas actividades poderase requirir do alumnado a explicación oral das entregas realizadas ou enviados mediante formularios de google, correos electrónicos con arquivos adxuntos, a fin de demostrar os seus coñecementos e evitar o plaxio, ou a copia do traballos doutros/as compañeiros/as.

A avaliación será igual que a presencial, tendo en conta que a realización das probas programadas e datadas, se realizarán por quendas de presencialidade.

#### NON PRESENCIAL

##### Avaliación trimestral

No caso de ser necesaria a docencia non presencial, o centro estudará as necesidades de recursos de cada estudante e se procederá a achegarlles o material preciso coa axuda da Consellería de Educación.

Todo o alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora da clase a través da plataforma elixida polo centro, activando a cámara/micrófono ou desactivándoa/o a petición do docente. No caso de non conectarse, considerarase como falta, e apuntarase no programa XADE este feito.

Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

##### Avaliación trimestral

Como na avaliación presencial, a nota da avaliación estará formada pola suma das notas obtidas entre as actividades e os exames, e o seu peso será o mesmo nesta modalidade.

Durante as sesións de cada módulo, o docente poderá realizar actividades para a súa entrega, ou para entregar con posterioridade. Todas elas poderán ser cualificables. Estas actividades serán remitidas a través da Classroom ou correo electrónico ao docente en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

Dataranse exames. Cada unha das probas realizaranse a través da Classroom ou correo electrónico, mediante:

- Cuestionarios con valoración negativa nas respostas incorrectas polo mesmo valor da pregunta.
- Entrega de arquivos de word, excel, fotografías, etc.
- Probas orais, tanto como proba en sí mesma, como método de corroboración da autenticidade dos arquivos entregados.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación final do trimestre o porcentaxe das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

##### Avaliación Final

Os criterios de cálculo da nota final coinciden cos da avaliación presencial.

Neste caso de non presencialidade, a avaliación realizarase online do mesmo modo que as probas realizadas durante as avaliacións trimestrais.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro           | Concello    | Ano académico |
|----------|------------------|-------------|---------------|
| 36019529 | Ribeira do Louro | Porriño (O) | 2022/2023     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo           | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|------------------------|
| ADG                           | Administración e xestión | CSADG01                   | Administración e finanzas | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0649       | Ofimática e proceso da información  | 2022/2023 | 9                | 240          | 287            |
| MP0649_13    | Operatoria de teclados              | 2022/2023 | 9                | 52           | 62             |
| MP0649_23    | Aplicacións informáticas de xestión | 2022/2023 | 9                | 135          | 162            |
| MP0649_33    | Multimedia                          | 2022/2023 | 9                | 53           | 63             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                           |
|--------------------------------|---------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ÁNGELES GONZÁLEZ IGLESIAS |
| Outro profesorado              |                           |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 206/2012 do 4 de outubro, establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para os ciclos de grao superior correspondentes ao título de Técnico Superior de Administración e Finanzas (Real decreto 1584/2011, do 4 de novembro). Este currículo intenta adaptar a titulación ao campo profesional da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo e posibilita unha proxección profesional futura.

A competencia xeral deste título consiste en organizar e executar as operacións de xestión e administración nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros dunha empresa pública ou privada, aplicando a normativa vixente e os protocolos de xestión de calidade, xestionando a información, asegurando a satisfacción da clientela e/ou das persoas usuarias, e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

O contorno produtivo de O Porriño ten un carácter eminentemente industrial grazas aos seus dous polígonos industriais (empresas de automoción, biotecnoloxía, granito, limpeza, loxística, etc.) ás súas canteiras de granito.

A tendencia da actividade económica na globalización e o incremento das relacións comerciais require de profesionais altamente capacitados e preparados con cualificación e competitividade, particularmente no uso e coñecementos das tecnoloxías da información e da comunicación.

O módulo de Ofimática e proceso da información contén a formación necesaria para desempeñar as funcións relacionadas co tratamento informático da información, elaborando documentación e presentacións profesionais en diferentes formatos, administrando os sistemas de información e arquivo en soporte convencional e informático e manexando aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación de acordo coas directrices de empresa ou organización.

Con esta programación didáctica preténdese lograr unha adaptación do currículo o máis eficaz posible, de xeito que se facilite aos alumnos a súa inserción laboral en calquera tipo de empresa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D.          | Título  | Descrición  | Duración<br>(sesións) | Peso<br>(%) | Resultados | Resultados de aprendizaxe |     |     |     | Resultados de aprendizaxe |     |     |     |     |
|---------------|---|---|-----------------------|-------------|------------|---------------------------|-----|-----|-----|---------------------------|-----|-----|-----|-----|
|               |   |   |                       |             | MP0649_13  | MP0649_23                 |     |     |     | MP0649_33                 |     |     |     |     |
|               |   |   |                       |             |            | RA1                       | RA1 | RA2 | RA3 | RA4                       | RA1 | RA2 | RA3 | RA4 |
| 1             | Operatoria de teclados                        | Ergonomía e desarrollo da destreza mecanográfica  | 62                    | 20          | X          |                           |     |     |     |                           |     |     |     |     |
| 2             | Xestión dos sistemas de información           | Funcionamento dun ordenador. Sistemas operativos  | 9                     | 5           |            | X                         |     |     |     |                           |     |     |     |     |
| 3             | Procesadores de texto.                        | Creación e modificación de documentos   | 60                    | 30          |            |                           |     | X   |     |                           |     |     |     |     |
| 4             | Elaboración de follas de cálculo              | Confección de documentos donde se incluya información numérica o textual e operar con ela | 65                    | 30          |            |                           | X   |     |     |                           |     |     |     |     |
| 5             | Xestión de bases de datos.                    | Almacenamento, catalogación e consulta de información.                                    | 35                    | 5           |            |                           |     |     | X   |                           |     |     |     |     |
| 6             | Presentacións multimedia                      | Elaboración de presentacións gráficas   | 25                    | 2           |            |                           |     |     |     |                           |     |     |     | X   |
| 7             | Xestión de ficheiros e procura de información | Búsqueda de información y archivo   | 10                    | 3           |            |                           |     |     |     | X                         |     |     |     |     |
| 8             | Xestión integrada de ficheiros                |   | 12                    | 2           |            |                           |     |     |     |                           | X   |     |     |     |
| 9             | Xestión de correo e axenda electrónica        |   | 9                     | 3           |            |                           |     |     |     |                           |     | X   |     |     |
| <b>Total:</b> |   |   | <b>287</b>            |             |            |                           |     |     |     |                           |     |     |     |     |

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD           | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 1   | Operatoria de teclados | 62       |

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas. | SI       |

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades  | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Conocer e adoptar os principios e normas básicas de ergonomía no traballo co ordenador                                     | 1   | Organización do espazo de traballo, con especial atención a postura corporal correcta | 1,0                |
| 2.1 Coñecer algunhas aplicacións informáticas para practicar os conceptos básicos da mecanografía                              | 2   | Instalación e utilización dun programa informático de mecanografía                    | 2,0                |
| 3.1 Colocar correctamente os dedos no teclado e aprender a pulsar cada tecla co dedo que lle corresponde, sin mirar o teclado. | 3   | Colocación correcta dos dedos no teclado estendido                                    | 20,0               |
| 4.1 Efectuar exercicios para conseguir, al menos, 350 pulsacións por minuto para textos en castelán.                           | 4   | Realización de exercicios de complexidade crecente                                    | 39,0               |
| <b>TOTAL</b>   |     |   | <b>62</b>          |

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación              | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
| RA4 - Elabora presentacións multimedia de documentos e informes utilizando aplicacións específicas. | SI       |

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades  | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Instalar o programa e identificar os elementos que forman parte do espazo de traballo  | 1   | Instalación e coñecemento das opcións básicas duha aplicación para elaborar presentacións gráficas    | 2,0                |
| 2.1 Aplicar diversos formatos de diapositivas, textos e obxectos que e poidan insertar nunha diapositiva. Aplicar estilos          | 2   | Coñecemento dos distintos obxectos a insertar nas diapositivas.                                       | 6,0                |
| 3.1 Seleccionar a información a incluír nunha presentación e aplicar animacións as diapositivas e transición entre unhas e outras, | 3   | Análisis do contido dunha diapositiva e aplicación de animacións                                      | 7,0                |
| 4.1 Exportar as presentacións e aprender a usar as presentacións en público. Protección de datos                                   | 4   | Relación con outras aplicacións e exposición das presentacións, especialmente de carácter empresarial | 10,0               |
| <b>TOTAL</b>   |     |   | <b>25</b>          |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación                      | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA4.1 Realízouse a análise e a selección da información que se queira incluír.   | ● PE.1 - Presentación e exposición dun traballo | S                 | 15                     |
| CA4.2 Inseríronse obxectos (táboas, gráficos, follas de cálculo, fotos, debuxos, organigramas, arquivos de son e vídeo, etc.). | ● PE.2 - Presentación e exposición dun traballo | S                 | 15                     |
| CA4.3 Distribuíuse a información de xeito claro e estruturado.   | ● PE.3 - Presentación e exposición dun traballo | S                 | 25                     |
| CA4.4 Animáronse os obxectos segundo o obxectivo da presentación.  | ● PE.4 - Presentación e exposición dun traballo | N                 | 10                     |
| CA4.5 Creáronse presentacións para acompañar exposicións orais.  | ● PE.5 - Presentación e exposición dun traballo | S                 | 20                     |
| CA4.6 Realizáronse presentacións relacionadas con informes ou documentación empresarial.                                       | ● PE.6 - Presentación e exposición dun traballo | S                 | 15                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos                      |
|-------------------------------|
| Estrutura e funcións.         |
| Instalación e carga.          |
| Procedemento de presentación. |
| Utilidades da aplicación.     |

| Contidos   |
|--|
| Procedemento de protección de datos: copias de seguridade. |
| Relacións con outras aplicacións.                          |

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que   | Como   |  |   | Con que   | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|---|---|--------------------|
|  | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos  |   |   |                    |
| Instalación e coñecemento das opcións básicas duha aplicación para elaborar presentacións gráficas - Estructura e funcións dun programa de presentacións                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre a importancia das presentacións e a súa estrutura para a imaxe corporativa da empresa</li> </ul>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Instalar a aplicación e coñecer a utilidade das presentacións</li> </ul>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ver presentacións</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con programas de presentacións, conectadas en rede, cañón de vídeo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Presentación e exposición dun traballo</li> </ul>   | 2,0                |
| Coñecemento dos distintos obxectos a insertar nas diapositivas. - Insertar obxectos e aplicar estilos, e identificar cal é o máis convinte a cada caso                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre os distintos elementos a incorporar nunha diapositiva</li> </ul>                                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar exercicios dando formato e inserindo obxectos nunha diapositiva</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Diapositivas con formato</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con programas de presentacións, cañón de vídeo</li> </ul>                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Presentación e exposición dun traballo</li> </ul>   | 6,0                |
| Análisis do contido dunha diapositiva e aplicación de animacións - Estudio previo do mensaxe a incluír e darlle un carácter dinámico as presentacións incluíndo animacións | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de como realizar efectos entre os distintos elementos dunha diapositiva e a súa sincronización</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Crear efectos na diapositiva e nas transicións entre diapositivas</li> </ul>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación con efectos de transición entre diapositivas. Presentación con fondo musical</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con programas de presentación, cañón de vídeo</li> </ul>                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Presentación e exposición dun traballo</li> <li>PE.3 - Presentación e exposición dun traballo</li> <li>PE.4 - Presentación e exposición dun traballo</li> </ul> | 7,0                |
| Relación con outras aplicacións e exposición das presentacións, especialmente de carácter empresarial - Traballo con presentación para acompañar exposicións orais         | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación a importancia da exposición asociada a presentación e do emprego de patróns</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar presentacións especialmente de carácter empresarial</li> </ul>             | <ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición ante a clase empregando presentacións</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con programas de presentacións, conectados en rede, cañón de vídeo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Presentación e exposición dun traballo</li> <li>PE.6 - Presentación e exposición dun traballo</li> </ul>  | 10,0               |
| <b>TOTAL</b>   |  |  |   |   |   | <b>25,0</b>        |

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                  | Duración |
|-----|---|----------|
| 7   | Xestión de ficheiros e procura de información | 10       |

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Xestiona os sistemas de arquivos buscando e seleccionando con medios convencionais e informáticos a información necesaria. | SI       |

**4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades                               | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 Coñecer as características de diversos navegadores e a forma adecuada de facer búsquedas en Internet. | 1   | Coñecemento de Internet e navegadores                | 4,0                |
| 2.1 Descargar aplicaciónes a través da web  | 2   | Realización de descargas de Internet de forma segura | 1,0                |
| 3.1 Coñecer as técnicas de arquivo informático  | 3   | Organización de arquivos                             | 5,0                |
| <b>TOTAL</b>  |     |  | <b>10</b>          |

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|----------------------------|-------------------|------------------------|
| CA1.1 Detectáronse necesidades de información.  | ● PE.1 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.2 Identificáronse as fontes de obtención de información e establecéronse prioridades.                   | ● PE.2 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.3 Elixíronse buscadores en intranet e en internet segundo criterios de rapidez e de opcións de procura. | ● PE.3 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.4 Empregáronse ferramentas web 2.0 para obter e producir información.                                   | ● PE.4 - Traballo          | N                 | 10                     |
| CA1.5 Utilizáronse os criterios de procura para restrinxir o número de resultados que se obteñan.           | ● PE.5 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.6 Aplicáronse sistemas de seguridade, protección, confidencialidade e restrición da información.        | ● PE.6 - Traballo          | S                 | 5                      |
| CA1.7 Canalizouse a información obtida, arquivándoa e/ou rexistrándoa, de ser o caso.                       | ● PE.7 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.8 Organizáronse os ficheiros para facilitar a procura posterior.  | ● PE.8 - Traballo          | S                 | 10                     |
| CA1.9 Actualizouse a información necesaria.   | ● PE.9 - Traballo          | S                 | 5                      |
| CA1.10 Cumpríronse os prazos previstos.   | ● PE.10 - Traballo         | S                 | 5                      |
| CA1.11 Realizáronse copias dos ficheiros.   | ● PE.11 - Traballo         | S                 | 10                     |
| CA1.12 Utilizáronse os compresores e os descompresores de ficheiros.  | ● PE.12 - Traballo         | N                 | 5                      |
| <b>TOTAL</b>  |                            |                   | <b>100</b>             |

**4.7.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Internet e navegadores.<br><br>Utilidade dos navegadores.<br><br>Descarga e instalación de aplicacións, programas e utilidades a través da web.<br><br>Ferramentas web 2.0: blogs, wikies, servizos de aloxamento de vídeos e imaxes, redes sociais, etc.<br><br>Comprensión e descomprensión de ficheiros.<br><br>Buscadores de información.<br><br>Importación e exportación da información.<br><br>Técnicas de arquivo.<br><br>Arquivo informático: xestión documental. |

**4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que                                       | Como  |  |  | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|---|--|--|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)                     | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos   | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Coñecemento de Internet e navegadores                | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar: as funcións de Internet e os distintos navegadores, ferramentas de búsqueda. Configuración de seguridade.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar búsquedas da forma máis eficiente cando se detecte necesidade de información. Configurar o navegador de forma segura</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenciar entre navegadores e buscadores e coñecer técnicas de búsqueda</li> </ul>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet e cañón de vídeo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo</li> <li>PE.2 - Traballo</li> <li>PE.3 - Traballo</li> <li>PE.4 - Traballo</li> <li>PE.5 - Traballo</li> <li>PE.10 - Traballo</li> </ul>  | 4,0                |
| Realización de descargas de Internet de forma segura | <ul style="list-style-type: none"> <li>Propor a descarga dunha aplicación, para o seu uso posterior, de forma segura</li> </ul>                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>Descargar a aplicación desde un sitio de confianza</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Descarga dun compresor de arquivos</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet e cañón de vídeo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.12 - Traballo</li> </ul>   | 1,0                |
| Organización de arquivos                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>Comentar a importancia de ter a información, perfectamente ordeada e organizada para facilitar a procura posterior.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar un traballo onde teña que buscar información de forma eficiente, sobre un tema proposto, para posteriormente comprimir o arquivo e gardala, realizando copia de seguridade.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo relacionado con o módulo onde poña en práctica o aprendido na unidade</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo con conexión a Internet e cañón de vídeo</li> </ul>             | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Traballo</li> <li>PE.7 - Traballo</li> <li>PE.8 - Traballo</li> <li>PE.9 - Traballo</li> <li>PE.11 - Traballo</li> <li>PE.12 - Traballo</li> </ul> | 5,0                |



|  |       |      |
|--|-------|------|
|  | TOTAL | 10,0 |
|--|-------|------|



**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                   | Duración |
|-----|--------------------------------|----------|
| 8   | Xestión integrada de ficheiros | 12       |

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Xestiona integradamente a información proveniente de diversas aplicacións, así como ficheiros audiovisuais, utilizando programas e periféricos específicos. | SI       |

**4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos                             | Act | Título das actividades                       | Duración (sesións) |
|--|-----|--|--------------------|
| 1.1 Coñecer os distintos formatos de imaxes        | 1   | Formato de imaxes                            | 1,0                |
| 2.1 Empregar software de tratamento de imaxes      | 2   | Modificación de imaxes e retoque fotográfico | 4,0                |
| 3.1 Coñecer os distintos formatos de vídeo e audio | 3   | Formato de vídeo e audio                     | 1,0                |
| 4.1 Empregar software de tratamento de vídeo       | 4   | Edición de vídeo                             | 5,0                |
| 5.1 Integrar arquivos de distintas aplicacións     | 5   | Integración de arquivos                      | 1,0                |
| <b>TOTAL</b>                                       |     |  | <b>12</b>          |

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   | Instrumentos de avaliación               | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|--|-------------------|------------------------|
| CA2.1 Xestionáronse de xeito integrado bases de datos, textos, imaxes, etc., importando e exportando datos provenientes de follas de cálculo e obtendo documentos compostos de todas estas posibilidades. | ● PE.1 - Traballo individual ou en grupo | S                 | 60                     |
| CA2.2 Seleccionáronse arquivos audiovisuais de fontes externas e elixiuse o formato óptimo destes.  | ● PE.2 - Traballo individual ou en grupo | N                 | 10                     |
| CA2.3 Creouse e mantívose un banco propio de recursos audiovisuais.   | ● PE.3 - Traballo individual ou en grupo | N                 | 10                     |
| CA2.4 Personalizáronse os ficheiros audiovisuais en función do obxectivo do documento que se queira obter.  | ● PE.4 - Traballo individual ou en grupo | N                 | 10                     |
| CA2.5 Respectouse a lexislación específica en materia de protección de ficheiros audiovisuais.  | ● PE.5 - Traballo individual ou en grupo | N                 | 10                     |
| <b>TOTAL</b>  |  |                   | <b>100</b>             |

**4.8.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Ficheiros integrados por varias aplicacións: folla de cálculo, base de datos, procesador de textos, gráficos, etc. |
| Gravación, transmisión, percepción e comprensión: dispositivos de captación e reprodución.                         |
| Contido visual e sonoro.   |
| Obxectivo da comunicación dos contidos.  |

| Contidos   |
|--|
| Inserción noutros medios ou documentos.  |
| Obsolescencia e actualización.   |
| Foros de noticias (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes. Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listas de distribución e pór a lista á disposición doutras aplicacións ofimáticas. |

**4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que                               | Como   |  |   | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|---|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)             | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos  | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Formato de imaxes                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das características dos diferentes formatos de imaxe</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos abrirán a mesma imaxe en distintos formatos para comprobar as diferenzas en peso e resolución</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Imaxes en distintos formatos</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores en rede, imaxe en distintos formatos</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo individual ou en grupo</li> </ul>   | 1,0                |
| Modificación de imaxes e retoque fotográfico | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos pasos do proceso de obtención de imaxes con periféricos. Presentación mediante vídeos aloxados en youtube de tutoriais de manipulación e retoque fotográfico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Obterán imaxes desde un scanner, cámara fotográfica, etc.; e traballarán con imaxes en distintas resolucións realizando tarefas básicas de retoque fotográfico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Imaxes obtidas con periféricos, modificadas con software específico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores en rede, cañón de vídeo, scanner, cámara fotográfica, tarxeta de memoria</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Traballo individual ou en grupo</li> </ul>   | 4,0                |
| Formato de vídeo e audio                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos diferentes tipos de formatos de audio e vídeo</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos reproducirán vídeos con distintos formatos</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Arquivos de vídeo con distintos formatos</li> </ul>                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores en rede e aplicacións de reprodución de vídeo</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Traballo individual ou en grupo</li> <li>PE.5 - Traballo individual ou en grupo</li> </ul> | 1,0                |
| Edición de vídeo                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da utilización de aplicacións de captura e edición de vídeo e audio</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizarán capturas de secuencias de vídeo e funcións básicas de edición</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Vídeo editado</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores en rede, cañón de vídeo, aplicacións de reprodución de vídeo, software de edición de vídeo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Traballo individual ou en grupo</li> <li>PE.5 - Traballo individual ou en grupo</li> </ul> | 5,0                |
| Integración de arquivos                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das distintas formas de integrar arquivos de distintas aplicacións características dos diferentes formtos de imaxe</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios de vinculación e incrustación de obxectos</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Obxectos vinculados e incrustados</li> </ul>                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordendores en rede, e aplicacións ofimáticas</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Traballo individual ou en grupo</li> </ul>   | 1,0                |
| <b>TOTAL</b>                                 |  |  |   |   |  | <b>12,0</b>        |

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                           | Duración |
|-----|--|----------|
| 9   | Xestión de correo e axenda electrónica | 9        |

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Xestiona o correo e a axenda electrónica utilizando aplicacións específicas. | SI       |

**4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades  | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Coñecer o funcionamento do correo, configuración e personalización   | 1   | Identificación das necesidades básicas de xestión de correo, dos distintos tipos de contas e análise dos elementos dun correo electrónico | 1,0                |
| 2.1 Configurar e personalizar tipos de contas de correo, operar con cadernos de enderezos e con todas as opcións de xestión de correo (etiquetas, filtros, catafoles...) | 2   | Configuración dunha conta de correo, uso do caderno de enderezos, e das opcións de xestión de correo electrónica                          | 3,0                |
| 3.1 Subscribirse a grupos de noticias relacionados coa economía e administración   | 3   | Acceso a grupos de noticias e administración  | 1,0                |
| 4.1 Aprender a configurar e emplear con soltura o correo   | 4   | Uso do correo e saber establecer elementos como sinaturas o plantillas  | 2,0                |
| 5.1 Coñecer o funcionamento da axenda electrónica, tanto en ordenadores como en dispositivos móbiles e aprender a sincronizar a información                              | 5   | Xestión de axenda, citas, calendario, tarefas ....  | 2,0                |
| <b>TOTAL</b>   |     |   | <b>9</b>           |

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación    | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|-------------------------------|-------------------|------------------------|
| CA3.1 Utilízase a aplicación de correo electrónico.  | • LC.1 - Exercicios de clase  | S                 | 15                     |
| CA3.2 Identifícase o emisor, o destinatario e o contido nunha mensaxe de correo.   | • LC.2 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.3 Aplícanse filtros de protección de correo non desexado.  | • LC.3 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.4 Canalízase a información a todos os implicados.  | • LC.4 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.5 Compróbase a recepción da mensaxe.   | • LC.5 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.6 Organízanse as bandexas de entrada e saída.  | • LC.6 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.7 Rexístrase a entrada e a saída de correos.   | • LC.7 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.8 Imprímense, arquiváronse ou elimináronse as mensaxes de correo.  | • LC.8 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.9 Aplícanse as funcións e as utilidades que ofrece a axenda electrónica como método de organización do departamento. | • LC.9 - Exercicios de clase  | S                 | 10                     |
| CA3.10 Conectáronse e sincronízanse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.                         | • LC.10 - Exercicios de clase | N                 | 5                      |
| <b>TOTAL</b>   |                               |                   | <b>100</b>             |

**4.9.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Tipos de contas de correo electrónico.   |
| Contorno de traballo: configuración e personalización.   |
| Patróns e sinatura corporativas.   |
| Foros de noticias (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes. Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listas de distribución e por a lista á disposición doutras aplicacións ofimáticas. |
| Xestión de correos: enviar, borrar, gardar, copias de seguridade, etc. Configuración das opcións de seguimento.  |
| Xestión da axenda: citas, calendario, avisos, tarefas, etc.  |
| Sincronización con dispositivos móbiles.   |
| Xestión de ficheiros e seguridade das aplicacións de correo e axenda electrónica. Filtros.   |

**4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que  | Como  |   |  | Con que   | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---|---|---|--|---|--|--------------------|
|   | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos  | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Identificación das necesidades básicas de xestión de correo, dos distintos tipos de contas e análise dos elementos dun correo electrónico | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación sobre a necesidade do uso do correo e o análise dos elementos dun correo</li> </ul>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer as utilidades do correo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento e manexo dos elementos básicos do correo electrónico</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet, cañón de vídeo</li> </ul>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Exercicios de clase</li> </ul>   | 1,0                |
| Configuración dunha conta de correo, uso do caderno de enderezos, e das opcións de xestión de correo electrónica                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da configuración de contas de correo, do uso do caderno de enderezos e da xestión do correo electrónico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Crear e configurar contas de correo, usar o caderno de enderezos e xestionar o correo electrónico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de exercicios sobre o contido da unidade e realizar un traballo das boas prácticas do correo electrónico</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet, cañón de vídeo</li> </ul>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Exercicios de clase</li> <li>LC.3 - Exercicios de clase</li> <li>LC.4 - Exercicios de clase</li> <li>LC.5 - Exercicios de clase</li> <li>LC.8 - Exercicios de clase</li> </ul> | 3,0                |
| Acceso a grupos de noticias e administración  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar os usos dos grupos de noticias</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Uso dos grupos de noticias</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Mostrar o uso de grupos de noticias</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos informáticos con conexión a Internet e cañón de vídeo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.7 - Exercicios de clase</li> </ul>   | 1,0                |
| Uso do correo e saber establecer elementos como sinaturas o plantillas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de como dar un aspecto máis profesional o correo con firmas e plantillas</li> </ul>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar os exercicios propostos</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Crear firmas e plantillas</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet, cañón de vídeo</li> </ul>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.6 - Exercicios de clase</li> <li>LC.7 - Exercicios de clase</li> </ul>   | 2,0                |
| Xestión de axenda, citas, calendario, tarefas ....  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar o uso e o funcionamento da axenda electrónica</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Utilizar a axenda para confeccionar o calendario de exames así como as tarefas pendentes</li> </ul>          | <ul style="list-style-type: none"> <li>Contido de tarefas na axenda electrónica</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo informático con conexión a Internet e cañón de vídeo</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.9 - Exercicios de clase</li> <li>LC.10 - Exercicios de clase</li> </ul>  | 2,0                |
| <b>TOTAL</b>  |   |   |  |   |  | <b>9,0</b>         |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

En cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos esixibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal, este indicador de mínimos adaptárase ás circunstancias persoais e sociais de cada un dos alumnos.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Este módulo engloba as seguintes unidades didácticas que se avaliarán como sigue:

#### 1 - Unidade Didáctica ¿Operatoria de teclados¿

Esta unidade de traballo desenvolverase ao longo de todo o curso, irase intercalando co resto das unidades didácticas (co fin de que aprendan a manexar o teclado de unha forma correcta e que consigan a velocidade esixida). Preténdese que o alumno consiga un dominio do teclado, coa técnica correcta, que lle permita alcanzar, 350 pulsacións por minuto.

Na cualificación da UD1 relativa aos CA1.5, CA1.6 E CA1.8 seguirase o establecido na seguinte táboa:

#### LIMPEZA

(Coeficiente de error)= [(nº de faltas\*100)/nº de pulsacións]

| %   | Nota |
|-----|------|
| 0,1 | 9,5  |
| 0,2 | 9    |
| 0,3 | 8,5  |
| 0,4 | 8    |
| 0,5 | 7,5  |
| 0,6 | 7    |
| 0,7 | 6    |
| 0,8 | 5,5  |
| 0,9 | 5    |
| 1   | 4    |

#### VELOCIDADE:

##### 1ª AVALIACIÓN

| P/m | Nota |
|-----|------|
| 80  | 1    |
| 85  | 2    |
| 90  | 3    |
| 95  | 4    |
| 100 | 5    |
| 120 | 6    |
| 140 | 7    |
| 160 | 8    |

|     |    |
|-----|----|
| 180 | 9  |
| 200 | 10 |

**2ª AVALIACIÓN**

| P/m | Nota |
|-----|------|
| 100 | 1    |
| 110 | 2    |
| 120 | 3    |
| 130 | 4    |
| 140 | 5    |
| 150 | 6    |
| 180 | 7    |
| 210 | 8    |
| 240 | 9    |
| 270 | 10   |

**3ª AVALIACIÓN**

| P/m | Nota |
|-----|------|
| 140 | 1    |
| 150 | 2    |
| 160 | 3    |
| 180 | 4    |
| 200 | 5    |
| 220 | 6    |
| 250 | 7    |
| 280 | 8    |
| 300 | 9    |
| 350 | 10   |

Esta unidade representa o 20% da nota global do módulo. Os apartados Limpeza e velocidade puntuaranse ó 50% respectivamente. A nota deste apartado sairá da media das dúas partes (velocidade e limpeza), unha vez superados positivamente cada un dos apartados. Non se fará media cando nalgunha das partes (limpeza ou velocidade) o alumnado acade unha puntuación inferior a 4 puntos.

Será requisito indispensable para poder obter unha cualificación positiva manter unha postura correcta e saudable ante o ordenador, así como unha correcta posición de dedos no teclado.

2 - No resto das unidades didácticas a cualificación determinarase cunha puntuación de 1 a 10 puntos e será a suma dos dous apartados seguintes:

- Nota obtida en probas/exames prácticos ou teóricos: 90%
- Cuestións, casos prácticos e traballos: 10%. Non puntuarán as cuestións e casos prácticos que o alumnado resolva e entregue fora de prazo.

No caso de que algún dos instrumentos de avaliación non se utilice nalgunha das unidades didácticas o seu peso acumularase ao outro instrumento segundo corresponda.

**CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN**

A nota de cada avaliación, que será máximo 10 puntos, sairá de tres partes diferenciadas, ambas notas sumaranse sempre e cando se alcance o aprobado, (mínimo 5 puntos sobre 10) en cada unha delas, de maneira independente. De non alcanzarse o aprobado en todas as partes a nota da

avaliación será, como máximo, 4 puntos.

- Operatoria: 20%

- Probas/exames prácticos e/ou teóricos : 70%. De realizarse varias probas teóricas e/ou prácticas, nunha mesma avaliación, estas farán media entre si, independentemente da nota individual de cada unha.

- Cuestións, casos prácticos e traballos: 10%. Deberan realizarse como mínimo un 90% dos exercicios e traballos propostos o longo de cada avaliación. Non puntuarán as cuestións, casos prácticos e traballos que o alumnado resolva fora de prazo.

Cando o resultado da nota de avaliación non sexa un nº enteiro, aproximarase do seguinte xeito: A partir de 0.75, ó nº enteiro seguinte. O redondeo efectuarase sempre que o alumnado non teña incidencias negativas no relativo a comportamento e actitude ante o traballo.

Pódese perder un 10% da nota por mala actitude, non prestar a debida atención, non entregar os exercicios a tempo ou por retrasos reiterados e inxustificadas.

Sancionarase coa cualificación de cero cando se comprobe que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar os exercicios, actividades ou exames porque copiara ou realizara condutas similares.

Non se aprobará a 3ª avaliación se non se teñen aprobadas as anteriores.

#### NOTA FINAL DE MÓDULO:

Como queira que este modulo esta conformado por tres unidades formativas, o que supón, de algún xeito, tres módulos en un, a nota de final de módulo, (unha vez aprobada a terceira avaliación) calcularase da seguinte maneira:.

Nota final de cada una das unidades formativas : Media das unidades .didácticas . que conforman cada unha das unidades formativas.

Nota final do módulo: Media das tres unidades formativas . (para aprobar o módulo teñen que estar aprobadas as tres unidades formativas). No caso de que un alumno non supere as tres unidades formativas, facilitarase a nota desglosada de cada unidade formativa por separado.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao alumnado que teña materia suspensa entregaráselle, logo da 3ª avaliación parcial, un informe personalizado cuxo contido será acorde ao establecido no artigo 29.3, 30.2 e 31.4 da Orde do 12 de xullo de 2011 detallando as actividades específicas de recuperación e a temporalización das mesmas.

As actividades específicas de recuperación estarán en función dos criterios de avaliación non acadados e en concreto poderán consistir en:

- Exames teóricos e/ou prácticos.
- Resolución de exercicios, cuestionarios, ...
- Traballos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando supere o 10% de faltas inxustificadas, é dicir, 29 sesións dun total de 287 sesións.

O procedemento de avaliación para o alumnado que perdeu este dereito será o seguinte:

-Presentaranse a unha proba práctica e/ou teórica sobre os contidos das distintas unidades didácticas desenvolvidas na presente programación, e que comprenderá, polo menos, os contidos mínimos descritos na programación.

-Esta proba constará das seguintes partes:

- a. Operatoria de teclado (20% da nota). 350 p.p.m. cun coeficiente de erro inferior a 0,9%
- b. Aplicacións informáticas de xestión. (70%)
- c. Multimedia (10%)

Aprobarase o módulo conseguindo puntuación positiva (mínimo 5), en cada un dos apartados.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

E preciso dicir que a avaliación non debe ser unicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corríxilo se é necesario. Para iso farase unha valoración mensual sobre o seguimento da programación e o grao de consecución dos obxectivos, para ver e valorar hasta que punto se adecúa o realmente o impartido co programado. En caso de non cumprir o programado indícarase o motivo do non cumprimento.

Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

O obxecto desta avaliación inicial será coñecer as características, problemas de aprendizaxe e a formación previa do alumnado en relación cos contidos do módulo.

Esta levarase a cabo no mes de outubro.

Como instrumento de avaliación utilizarase:

1.- Cuestionario individual a cada alumno sobre os coñecementos previos das novas tecnoloxías que posúen:

- a.- A posesión de un equipo informático.
  - b.- Programas que manexa e que ten cargados no seu equipo.
  - c.- Accesibilidade á rede dende o seu domicilio.
- 3.- Proba escrita de mecanografía para coñecer o nivel exacto de cada alumno.
- 4.- Observación do alumnado nos primeiros días de clase.
- 5.- No caso de alumnos repetidores, as experiencias do curso pasado

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O alumnado que cursa este ciclo formativo é moi diverso, moitos teñen coñecementos previos sobre a materia. Para non limitar o aprendizaxe deste alumnado programaranse actividades e traballos de ampliación, e de reforzo para aqueles que nos os teñan.

Cando un/unha alumno/a non consiga alcanzar os obxectivos a vez que o resto do alumnado, (e non sexa por falta de interese, traballo ou esforzo persoal, daránselle exercicios de reforzo e solucións senlle todas as dúbidas para que poida alcanzar canto antes o nivel do resto dos compañeiros). Atenderase a cada un destes alumnos da forma máis personalizada posible, tendo en conta o nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as motivacións e ritmo de aprendizaxe.



## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A práctica docente incorporará os temas transversais inseríndoos co resto de contidos que compoñen o currículo e dando un trato preferente ó fomento da igualdade, a colaboración no traballo en equipo, a non discriminación, o respecto por outras culturas, coidado e utilización dos bens comúns... Estes e outros contidos, serán tidos en conta ao longo do curso, e mais concretamente, no día a día, dentro da aula.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares que se poden desenvolver relacionadas con este módulo dependerá das ofertas do mercado (feiras, xornadas, charlas con temática nas novas tecnoloxías) e da adecuación da programación a temporalización.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso do ensino a distancia

O módulo de Ofimática e proceso da información impártese empregando ferramentas informáticas o que nos facilitaría a continuidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe no caso de confinamento.

Todo o material e as tarefas que se irá impartindo o longo do curso está a disposición dos alumnos na Aula virtual (Classrom) de Gsuit, na cal todos os alumnos/as están dados de alta, así mesmo na propia Aula virtual do centro crearase un enlace a Aula virtual de Gsuit.

Dado o contexto actual no momento da redacción da presente programación, e segundo o Protocolo establecido para os centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 e a Resolución do 4 de agosto de 2020 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/2021, nas situacións de alumnado illado ou en corentena ou ben cando exista suspensión da actividade presencial, esta programación abarca tres posibles escenarios.

A modalidade de ensino presencial na aula aparece detallada nos anteriores apartados desta programación.

Para os outros dous escenarios ensino semipresencial ou ensino non presencial os mínimos exixibles e criterios de cualificación en caso de confinamento serán os mesmos que para a ensinanza presencial.

A diferenza darase no xeito en como se impartiran as clases teóricas e como se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que se explica a continuación.

#### ENSINO SEMIPRESENCIAL

No caso de que as clases teñan que ser de xeito semipresencial, as sesións teóricas impartiranse pola plataforma Meet da aula virtual (Classrom), así como a resolución de calquera dúbida que teña o alumnado, durante as sesións que se determine no seu momento e dentro horario asignado dende o inicio do curso. O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida polo profesor. En caso de non facelo se lle apuntará a falta correspondente na aplicación XADE

O seguimento das tarefas e o apoio teórico así como a corrección das tarefas será a través de esta mesma aula virtual. O sistema de cualificación será o establecido para o modo presencial e os exames serán presenciais. O alumnado terá que entregar todas as tarefas e actividades en prazo, non serán tidas en conta as entregadas fora de prazo.

#### ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de que as clases teñan que ser de xeito non presencial, as sesións teóricas impartiranse pola plataforma Meet da aula virtual (Classrom) así como a resolución de calquera dúbida que teña o alumnado durante as sesións que se determine no seu momento e dentro horario asignado dende o inicio do curso. O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida polo profesor. En caso de non

facelo se lle apuntará a falta correspondente na aplicación XADE. O seguimento das tarefas e o apoio teórico así como a corrección das tarefas será a través de esta mesma aula virtual. O sistema de cualificación será o establecido para o modo presencial e os exames serán presenciais, de non poder ser presenciais o alumnado terá que conectarse o día e hora sinalados polo profesor na plataforma antes indicada e enviar o resultado do exame a través da aula virtual para a súa corrección. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os establecidos para a formación presencial. O alumnado terá que entregar todas as tarefas e actividades en prazo, non serán tidas en conta as entregadas fora de prazo.

Para a realización dos exames, empregárase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia (para ter contacto visual cos alumnos). Dada a dificultade de control, poden establecerse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumnos que haxa no grupo. En caso de sospeita por parte do profesor de falsidade no exame poderase citar ó alumno telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira o profesor sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser gravada co consentimento do alumno) para presentarse como proba en caso de reclamacións. As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumno considerárase suspenso.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro           | Concello    | Ano académico |
|----------|------------------|-------------|---------------|
| 36019529 | Ribeira do Louro | Porriño (O) | 2022/2023     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo           | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|------------------------|
| ADG                           | Administración e xestión | CSADG01                   | Administración e finanzas | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                     | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0650       | Proceso integral da actividade comercial | 2022/2023 | 5                | 133          | 159            |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                       |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Profesorado asignado ao módulo</b> | BEATRIZ MARÍA GUTIÉRREZ ROGER, SERGIO DANIEL PUERTAS LEDO (Subst.) |
| <b>Outro profesorado</b>              |  |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de Técnico superior en Administración e Finanzas ven regulado polo Decreto 206/2012 de 4 outubro (DOG do 30/10/12) que contén o perfil profesional que serve de referencia para definir a súa formación e que no futuro lle permitirá desempeñar diversos postos de traballo en empresas grandes, medianas e pequenas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

A presente programación impartirase ao longo do curso académico no IES Ribeira do Louro, de O Porriño, con alumnado procedente na súa maioría deste concello e de outros limítrofes, e de área urbana, rural e semiurbana.

Neste curso hai alumnos que proceden de ciclos medios de formación profesional e procedentes de bacharelato. Algúns alumnos teñen algunha experiencia laboral.

Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico superior en administración e finanzas determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en organizar e executar as operacións de xestión e administración nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros dunha empresa pública ou privada, aplicando a normativa vixente e os protocolos de xestión de calidade, xestionando a información, asegurando a satisfacción da clientela e/ou das persoas usuarias, e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Tramitar documentos ou comunicacións internas ou externas nos circuitos de información da empresa.
- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas, información obtida e/ou necesidades detectadas.
- c) Detectar necesidades administrativas ou de xestión da empresa de diversos tipos, a partir da análise da información dispoñible e do contorno.
#### 4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que                   | Como                               |                    |                        | Con que  | Como e con que se valora                   | Duración (sesións) |
|----------------------------------|------------------------------------|--------------------|------------------------|----------|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación |                    |

| Que e para que                    | Como   |   |  | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|-----------------------------------|--|---|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)  | Profesorado (en termos de tarefas)                                   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Valores mobiliarios de renda fixa | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>comprensión do funcionamento , tipos e realización de exercicios sobre valores mobiliarios de renda fixa. Calculo de renda e redabilidade</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento da utilidade, funcionamento, liquidación de intereses e rendabilidade dos diferentes tipos de valores de renda fixa tanto pública como privada</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, internet, textos, folia de cálculo, papel e bolígrafo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - información recabada</li> <li>OU.2 - información recabada</li> <li>OU.3 - información recabada</li> <li>OU.4 - información recabada</li> <li>OU.5 - explicación</li> <li>PE.1 - apuntes e explicación</li> <li>PE.2 - apuntes e explicación</li> <li>PE.3 - apuntes</li> <li>PE.4 - apuntes e texto</li> <li>PE.5 - apuntes</li> <li>PE.6 - apuntes</li> <li>PE.7 - apuntes e texto</li> <li>PE.8 - apuntes</li> </ul> | 3,0                |



| Que e para que                        | Como   |   |  | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|---------------------------------------|--|---|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)      | Profesorado (en termos de tarefas)                                   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Valores mobiliarios de renda variable | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>comprensión do funcionamento , tipos e realización de exercicios sobre valores mobiliarios de renda variable. Calculo de renda e redabilidade. Ampliacións de capital</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento da utilidade, funcionamento, renda e rendabilidade de valores de renda variable, así como ampliacións de capital</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, internet, textos, folia de cálculo, papel e bolígrafo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - información recabada</li> <li>OU.2 - información recabada</li> <li>OU.3 - información recabada</li> <li>OU.4 - información recabada</li> <li>OU.5 - explicación</li> <li>PE.1 - apuntes e explicación</li> <li>PE.2 - apuntes e explicación</li> <li>PE.3 - apuntes</li> <li>PE.4 - apuntes e texto</li> <li>PE.5 - apuntes</li> <li>PE.6 - apuntes</li> <li>PE.7 - apuntes e texto</li> <li>PE.8 - apuntes</li> </ul> | 3,0                |

| Que e para que                                     | Como   |  |   | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|--|--|---|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)                   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos  | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Productos derivados                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación crítica previa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>coñecemento da utilidade, funcionamento e fallos de diferentes tipos de produtos derivados (opcións, futuros, swaps)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Comprensión crítica da existencia de produtos derivados como futuros, opcións, swaps</li> </ul>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, internet, papel e bolígrafo</li> </ul>                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - información recabada</li> <li>OU.2 - información recabada</li> <li>OU.3 - información recabada</li> <li>OU.4 - información recabada</li> <li>OU.5 - explicación</li> <li>PE.1 - apuntes e explicación</li> <li>PE.2 - apuntes e explicación</li> <li>PE.3 - apuntes</li> <li>PE.4 - apuntes e texto</li> <li>PE.5 - apuntes</li> <li>PE.6 - apuntes</li> <li>PE.7 - apuntes e texto</li> <li>PE.8 - apuntes</li> </ul> | 2,0                |
| Métodos de valoración e selección de investimentos | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> </ul>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>realización de exercicios con métodos estáticos e dinámicos de selección de investimentos</li> </ul>                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento e interpretación de métodos estáticos e dinámicos de selección de investimentos (pay back, VAN, TIR...)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, folla de cálculo, internet, papel e bolígrafo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - explicación</li> <li>PE.1 - apuntes e explicación</li> <li>PE.3 - apuntes</li> <li>PE.9 - explicación e apuntes</li> <li>TO.1 - información recabada</li> </ul>  | 2,0                |
| <b>TOTAL</b>                                       |  |  |   |  |  | <b>10,0</b>        |

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 12  | Presupostos  | 8        |

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.            | NO       |
| RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen. | SI       |

**4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

| Obxectivos específicos   | Act | Título das actividades                        | Duración (sesións) |
|--|-----|---|--------------------|
| 1.1 Importancia da elaboración dun orzamento                                 | 1   | Planificación e orzamentos                    | 2,0                |
| 2.1 Cálculo do punto morto dunha actividade empresarial                      | 2   | Punto morto                                   | 2,0                |
| 3.1 Utilidade dun orzamento de tesourería e as súas desviación nunha empresa | 3   | Control orzamentario: Análise das desviacións | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>   |     |   | <b>8</b>           |

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación                  | Mínimos exigibles | Peso cualificación (%) |
|--|---|-------------------|------------------------|
| CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.  | ● PE.1 - apuntes e explicación              | S                 | 15                     |
| CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.  | ● PE.2 - apuntes e explicación              | S                 | 5                      |
| CA5.2 Comprobouse que a información estea completa e na forma requirida.                               | ● PE.3 - apuntes e explicación              | S                 | 5                      |
| CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.  | ● OU.1 - información recabada               | S                 | 10                     |
| CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.                        | ● PE.4 - apuntes e explicación              | S                 | 20                     |
| CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos. | ● OU.2 - explicación e información recabada | S                 | 5                      |
| CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.                | ● PE.5 - explicación                        | S                 | 15                     |
| CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.                   | ● OU.3 - información recabada               | S                 | 10                     |
| CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.                      | ● OU.4 - explicación                        | S                 | 15                     |
| <b>TOTAL</b>   |   |                   | <b>100</b>             |

**4.12.e) Contidos**

| Contidos                                   |
|--|
| Aplicación financeira da folia de cálculo. |

| Contidos                                |
|---|
| Métodos de orzamentación.               |
| Orzamento mestre e orzamento operativo. |
| Cálculo e análise de desviacións.       |

**4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que                                   | Como  |  |  | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|---|--|--|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)                 | Profesorado (en termos de tarefas)  | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación  |                    |
| Planificación e orzamentos                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>elaboración dun presuposto de tesourería, e dunha conta de resultados e balance provisionais</li> </ul>             | <ul style="list-style-type: none"> <li>coñecemento dos métodos máis utilizados na planificación económica e financeira</li> </ul>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, internet, folla de cálculo, papel e bolígrafo</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - información recabada</li> <li>OU.2 - explicación e información recabada</li> <li>OU.3 - información recabada</li> <li>OU.4 - explicación</li> <li>PE.2 - apuntes e explicación</li> <li>PE.3 - apuntes e explicación</li> </ul> | 2,0                |
| Punto morto                                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> <li>cálculo do punto morto dunha empresa tendo en conta diferentes situacións</li> </ul> |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>coñecemento da utilidade do cálculo do punto morto como referencia da toma de decisión respecto a unha empresa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, folla de cálculo, papel e bolígrafo</li> </ul>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.4 - explicación</li> </ul>  | 2,0                |
| Control orzamentario:<br>Análise das desviacións | <ul style="list-style-type: none"> <li>explicación previa</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>exercicios donde se plantexen desviacións presupuestarias, realizando as medidas correctoras pertinentes</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>comprensión da necesidade de tomar medidas correctoras diante das desviacións presupuestarias</li> </ul>                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes, folla de cálculo, papel e bolígrafo</li> </ul>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - información recabada</li> <li>OU.4 - explicación</li> <li>PE.1 - apuntes e explicación</li> <li>PE.4 - apuntes e explicación</li> <li>PE.5 - explicación</li> </ul>   | 4,0                |
| <b>TOTAL</b>                                     |   |  |  |  |   | <b>8,0</b>         |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Contidos básicos

#### Unidade formativa 1: seguros e pensións

1. Tipoloxía das operacións de seguros
- 1.1 Concepto, características e clasificación.
- 1.2 Contrato de seguro e a valoración de riscos.
- 1.3 Elementos materiais e persoais dos seguros.
- 1.4 Clasificación dos seguros.
- 1.5 Tarifas e primas.
- 1.6 Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.

#### Unidade formativa 2. Produtos e servizos financeiros

1. Determinación das necesidades financeiras e axudas económicas para a empresa
- 1.1 Análise de estados financeiros.
- 1.2 Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.
2. Clasificación dos produtos e servizos financeiros
- 2.1 Sistema financeiro.
- 2.2 Produtos financeiros de pasivo e de activo.
- 2.3 Servizos financeiros.
- 2.4 Outros produtos financeiros.
3. Valoración de produtos e servizos financeiros
- 3.1 Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.
- 3.2 Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito.
- 3.3 Análise de operacións de liquidación de contas.
- 3.4 Análise de operacións de depósitos.
- 3.5 Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización.
- 3.6 Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
- 3.7 Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
- 3.8 Aplicación financeira da folla de cálculo.
4. Selección de investimentos en activos financeiros e económicos
- 4.1 Mercados financeiros.
- 4.2 Renda fixa e variable.
- 4.3 Débeda pública e privada.
- 4.4 Fondos de investimento.
- 4.5 Produtos derivados.

4.6 Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.

4.7 Investimentos económicos.

4.8 Aplicación financeira da folia de cálculo.

5. Integración de orzamentos

5.1 Métodos de orzamentación.

5.2 Orzamento mestre e orzamento operativo.

5.3 Cálculo e análise de desviacións.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En todos os casos, o alumnado estará dado de alta na Classroom de G Suite correspondente ao módulo, coa súa conta de correo do instituto. Esta plataforma será utilizada tanto para colgar materiais, como entregar tarefas, realizar cuestionarios puntuables, etc.

As probas e prácticas realizaranse esencialmente na folia de cálculo, coas especificacións de resolución máis axeitadas a cada tipo de exercicio. no seu caso, utilizando fórmulas matemáticas condicionais.

#### Presencial

##### Avaliación inicial

Faranse unhas probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. A súa tipoloxía abrangará:

- Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

O resultado desas probas será levado á sesión de avaliación inicial que realizará o equipo docente.

##### Avaliación Trimestral

Cada cualificación trimestral calcularase en base aos resultados obtidos cos seguintes instrumentos de avaliación, situándose o aprobado a partir do 5:

Exames: 90%: Nota mínima de 5 en tódolos exames para superar o trimestre. As probas obxectivas serán tanto programadas e datadas, a criterio do docente como sen previo aviso. Calquera intento de copia ou fraude, suporá o suspenso nese bloque de contido

Actividades 10%: Entrega das actividades realizadas en cada UD para a súa revisión.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificación das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación final do trimestre ao %, das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre. A cualificación puntuarase de 1 a 10, cun número enteiro, e no caso de ser decimal, redondearase en función da actitude fronte ao traballo de clase do alumnado.

##### Avaliación Final

A cualificación final do módulo calcularase a través da media das dúas cualificacións trimestrais, situándose o aprobado a partir do 5. Para o cálculo desta media tódalas cualificacións trimestrais deberán ser necesariamente de 5 ou superiores. No caso de que o resultado sexa decimal, se redondeará por arriba ou abaixo, ao criterio do docente, en función do esforzo e actitude do alumnado, observado durante o curso.

É moi importante que o alumno asimile que debe comportarse, da forma máis parecida posible a un posto de traballo para o que está formándose.

Por iso terase en conta: iniciativa propia, traballo, esforzo, interese, asistencia, comportamento na clase, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

Aqueles alumnos que teñan unha cualificación negativa nalgunha das dúas avaliacións trimestrais, deberán realizar no mes de marzo, unha proba final (de unha ou das dúas avaliacións) que evidencie a adquisición das capacidades terminais elementais do módulo, se a superan a nota definitiva será un 5 (en casos excepcionais esta nota pode ser superior).

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno ó termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxectivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os alumnos que tivesen cualificación positiva nas dúas avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

Finalmente, é preciso dicir que a avaliación non debe ser únicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corrixilo se é necesario.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de non superar o examen final do segundo trimestre, o alumnado poderá asistir as clases de recuperación que impartirase no centro, según o horario que a dirección do instituto estableza.

As actividades de recuperación consistirán na resolución de dúbidas sobre o contido do módulo e proposta de exercicios prácticos e a súa resolución polo alumnado.

Ao final do terceiro trimestre, farán unha proba obxectiva da totalidade do contido do módulo que será valorada cun máximo de 5 puntos.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles alumnos que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente na resolución de exercicios teórico prácticos que determinarán se o alumno ten o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos desta programación.

Cualificaranse de 0 a 10 puntos, con ata dous decimais, de acordo cos criterios de corrección que se establezan ao inicio da mesma.

Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5.

A cualificación da avaliación exprésase numericamente de 1 a 10, sen decimais, redondeándose, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0.5 ou superior e ao anterior nos demais casos.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Tal e como establece a Orde do 12 de Xullo, publicada no DOG nº136 do 15/07/11, cada mes entregarase ó xefe de departamento o seguimento da programación e cumprimento da mesma, facendo constar o número de unidades didácticas impartidas no mesmo.

En caso de non ser cumpridas as programacións indícarase os motivos de o non cumprimento.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, consultarase co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades con algún alumno respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

Esta avaliación inicial serve para detectar o nivel do alumno antes de comezar o curso e os problemas de aprendizaxe concretos que poden presentar os mesmos.

Como instrumento de avaliación utilizaranse:

- Informes do departamento de orientación e sobre todo do titor do curso
- Cuestionario individual a cada alumno sobre os coñecementos máis específicos relacionados cos módulos do segundo curso das novas tecnoloxías que posúan:
- Coñecementos previos sobre a materia

A avaliación inicial consistirá en analizar as cualificacións dos módulos de primeiro curso para detectar deficiencias de formación.

Tamén se fará unha avaliación inicial coa axuda do profesorado de segundo curso e de primeiro curso si fose necesario.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Nestes casos centraremos nos obxectivos mínimos esixibles e en función da razón pola que non responda ós obxectivos programados actuaremos do seguinte xeito:

Se non é capaz de realizar as actividades en tempo organizaremos estas de xeito que poida rematalas na casa.

Se non é capaz de realizar as actividades con autonomía e eficiencia prestaremos un apoio especial por parte dos profesores.

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno da forma máis personalizada posible, tendo en conta o nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe. Terase en conta as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Con relación os contidos que poidan presentar dificultades ao alumnado complementarase con datos aclaratorios, ilustracións, esquemas, gráficos..., presentarase de forma variada e interrelacionados entre si e coa realidade empresarial para facilitar a súa xeneralización e aplicación posterior en novas situacións.

A principios de curso, naqueles casos que sexa preciso realizaranse flexibilizacións modulares individuais.

- Con relación aos aspectos metodolóxicos

As actividades de aprendizaxe son variadas, van permitir distintas modalidades ou vías de acceso aos contidos e presentarán diferentes grados de dificultade. Para elo as actividades desenvolveranse en catro niveis: de consolidación, de reforzo, de ampliación e de repaso. As actividades de consolidación pretenden que o alumnado asimileos conceptos básicos. As de reforzo están indicadas para os alumnos que non puideron assimilar estes contidos mínimos. As actividades de ampliación serven para que o alumnado afonde nalgún contido en especial e as de repaso para relacionar contidos novos xa adquiridos e ter unha visión global da materia.

Ademais utilizaranse estratexias de ensino diversas, de exposición e de indagación, potenciaranse actividades que estimulen mellor a aceptación e integración, facilitarase a comprensión mediante a utilización de materiais e recursos didácticos como videos, encerado, páxinas webs..., adaptándose ás características psicolóxicas e sensoriais do alumno, propoñendo ao alumno as realidades concretas unidas ao seu entorno propiciando o traballo e favorecendo a súa participación nos debates previstos.

- Con relación aos recursos e materiais:

Dentro dos materiais e recursos disponibles, seleccionaranse os máis axeitados segundo o alumnado e a materia. Propóranselles aos alumnos que aporten á clase recortes de prensa ou revistas ou comenten noticias relacionadas co módulo, para motivalos e achegar as ensinanzas á súa vida cotiá.

- Con relación aos procesos de avaliación:

A avaliación é sumativa, terase en conta os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais e valoraranse segundo os instrumentos e os



critérios de avaliación descritos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

As actividades profesionais asociadas a este ciclo se aplican:

En tódolos ámbitos da empresa, tanto interno coma externo y en todo tipo de empresas, independentemente do sector o que pertencen. E por esta razón que tratarase de transmitir valores cívicos e profesionais para que se adapten ó mundo empresarial.

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da clase e nos exercicios que se van a facer, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

- Esforzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Igualdade de oportunidades
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos
- Coidado e utilización dos bens comúns

Quedando avaliado co apuntamento diario no cuaderno de notas do profesor.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos participarán nas actividades que fixe, no seu conxunto, o departamento.

Realizarase unha visita a unha empresa e/ou institución onde se observará o uso das novas tecnoloxías que alí se faga, se é posible.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Avaliación COVID19

A Aula virtual "Classroom" de GSuite, estará a disposición dos alumnos con todo o material que se irá impartindo ao longo do curso. Esta aula será a principal vía para a ensinanza telemática no caso de que haxa confinamento (dalgún alumno ou de todo o grupo).

Os mínimos exigibles e criterios de calificación en caso de confinamento (de todo ou parte do grupo) serán os mesmos que para a ensinanza presencial. A diferenza darase no xeito en que se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que pasarán a ser telemáticas tal e como se explica a continuación

Ante a eventualidade de confinamento parcial, aqueles alumnos que non poidenran asistir as clases, poderán seguir o módulo a través da plataforma tendo acceso tanto o material coma as tarefas que se van realizando no día a día.

En caso de que o confinamento sexa total, farase un uso máis extensivo das tecnoloxías empregando ferramentas como programas de videoconferencia, videotutoriais, correos electrónicos, etc.

O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida polo profesor, sempre no horario lectivo. En caso de non facelo se lle apuntará a falta correspondente na aplicación XADE.

Para a realización das probas práctico-teóricas, empregarase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia

(para ter contacto visual cos alumnos). Dada a dificultade de control, estableceráanse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumnos que haxa no grupo. En caso de sospeita por parte do profesor de falsidade no exame poderáse citar ó alumno telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira o profesor sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser grabada co consentemento do alumno) para presentarse como proba en caso de reclamacións. As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumno considerárase suspenso.

Concretando cada escenario:

#### Semipresencial

No caso de simultanear alumnado na aula e na casa, será imprescindible contar cunha cámara ou un portátil, para que os que queden na casa poidan seguir as clases en directo.

Para a realización das tarefas, tanto propostas na clase como como actividades de reforzo fora do horario, traballarase coas contas de G Suite, na Classroom. Subiranse os materiais necesarios para que poidan realizalas e daráselles un tempo para a súa entrega. Unha vez finalizadas, subiranas ao aula para a súa corrección e cualificación.

Nas actividades poderáse requirir do alumnado a explicación oral das entregas realizadas ou enviadas mediante formularios de google, correos electrónicos con arquivos adxuntos, a fin de demostrar os seus coñecementos e evitar o plaxio, ou a copia dos traballos doutros/as compañeiros/as.

A avaliación será igual que a presencial, tendo en conta que a realización das probas programadas e datadas, realizaranse por quendas de presencialidade.

#### Non presencial

No caso de ser necesaria a docencia non presencial, o centro estudiará as necesidades de recursos de cada estudante e se procederá a achegarlles o material preciso coa axuda da Consellería de Educación.

Todo o alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora da clase a través da plataforma elixida polo centro, activando a cámara/micrófono ou desactivándoa/o a petición do docente. No caso de non conectarse, considerárase como falta, e apuntarase no programa XADE este feito.

Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

#### Avaliación trimestral

Como na avaliación presencial, a nota da avaliación estará formada pola suma das notas obtidas entre as actividades e os exames, e o seu peso será o mesmo nesta modalidade.

Durante as sesións de cada módulo, o docente poderá realizar actividades para a súa entrega, ou para entregar con posterioridade. Todas elas poderán ser cualificables. Estas actividades serán remitidas a través da classroom ou correo electrónico ao docente.

Dataranse exames, por bloques de materia (cada un/ha que poña os que considere que vai facer). Cada unha das probas realizaranse a través da classroom ou correo electrónico, mediante:

- Cuestionarios con valoración negativa nas respostas incorrectas polo mesmo valor da pregunta.
- Entrega de arquivos de word, excel, fotografías, etc.
- Probas orais, tanto como proba en sí mesma, como método de corroboración da autenticidade dos arquivos entregados.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación

final do trimestre o porcentaxe das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

#### Avaliación Final

Os criterios de cálculo da nota final coinciden cos da avaliación presencial.

Neste caso de non presencialidade, a avaliación realizarase online do mesmo modo que as probas realizadas durante as avaliacións trimestrais e cos mesmos criterios.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro           | Concello    | Ano académico |
|----------|------------------|-------------|---------------|
| 36019529 | Ribeira do Louro | Porriño (O) | 2022/2023     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo           | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|------------------------|
| ADG                           | Administración e xestión | CSADG01                   | Administración e finanzas | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                     | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0654       | Contabilidade e fiscalidade              | 2022/2023 | 9                | 157          | 188            |
| MP0654_13    | Contabilidade                            | 2022/2023 | 9                | 97           | 116            |
| MP0654_23    | Fiscalidade                              | 2022/2023 | 9                | 30           | 36             |
| MP0654_33    | Análise de estados contables e auditoría | 2022/2023 | 9                | 30           | 36             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                       |  |
|---------------------------------------|--|
| <b>Profesorado asignado ao módulo</b> | BEATRIZ MARÍA GUTIÉRREZ ROGER, SERGIO DANIEL PUERTAS LEDO (Subst.) |
| <b>Outro profesorado</b>              |  |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de efectuar a xestión administrativa contable-fiscal, que abrangue aspectos como:

- Rexistro, preparación e control da documentación soporte.
- Análise e aplicación da normativa contable e fiscal.
- Rexistro dos feitos contables derivados das operacións de transcendencia económica-financiera segundo o PXC.
- Xestión das obrigas fiscais e contables dunha empresa.
- Análise dos estados contables dunha empresa.
- Instalación e utilización das aplicacións informáticas de contabilidade e fiscal.

Este módulo impartirase no IES Ribeira do Louro para este curso. O instituto está situado nun enclave eminentemente industrial, se temos en contas os seus dous polígonos industriais ademais das súas canteiras de granito e a destacada industria química e farmacéutica, factor que favorece a inserción do noso alumnado no mercado laboral.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área contable e fiscal de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versan sobre:

- Análise e interpretación da normativa mercantil, contable e fiscal.
- Contabilización dos feitos relacionados coa actividade económico-financiera da empresa e cosas obrigas fiscais.
- Contabilización das operacións de final do exercicio, obtido o resultado do ciclo económico.
- Contabilización das operacións contables e fiscais derivadas nun exercicio económico completo en soporte informático.
- Formalización dos modelos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.
- Confección das contas anuais en soporte informático analizando as obrigas derivadas destas.
- Análise da situación económico- financeira e patrimonial dunha empresa con base nos estados contables

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D.   | Título  | Descrición   | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe |     |     | Resultados | Resultados de aprendizaxe |     |
|--------|---|--|--------------------|----------|---------------------------|-----|-----|------------|---------------------------|-----|
|        |   |  |                    |          | 65413                     |     |     | 65423      | 65433                     |     |
|        |   |  |                    |          | RA1                       | RA2 | RA3 | RA1        | RA1                       | RA2 |
| 1      | Contabilidade das operacións comerciais                             | Operacións de compra, venda, existencias, persoal e tesouraría   | 39                 | 15       | X                         |     |     |            |                           |     |
| 2      | Contabilidade das operacións de inmovilizado                        | Adquisición, venda, amortizacións e correccións de valor do inmovilizado. Adquisición, venda e valoracións de activos financeiros.                         | 15                 | 10       | X                         | X   |     |            |                           |     |
| 3      | Contabilidade da creación e a financiación da empresa               | Recursos propios, gastos de constitución da empresa e subvencións de capital. A financiación allea: deudas con entidades de crédito, leasing e provisións. | 15                 | 10       | X                         |     |     |            |                           |     |
| 4      | O resultado do exercicio  | Axustes para a regularización. Regularización das contas de xestión. A distribución do resultado   | 15                 | 10       | X                         | X   |     |            |                           |     |
| 5      | Confección das contas anuais  | As contas anuais: normativa reguladora, modelos de contas. Confección de P e G e Balance para Pemes  | 8                  | 5        |                           |     | X   |            |                           |     |
| 6      | Aplicación informática de contabilidade                             | Instalación e proceso contable completo cunha aplicación informática de contabilidade  | 24                 | 15       | X                         | X   | X   |            |                           |     |
| 7      | O imposto de sociedades e impostos locais                           | Aspectos do impostos e liquidación dos mesmos (impostos locais e imposto de sociedades)  | 16                 | 10       |                           |     |     | X          |                           |     |
| 8      | O imposto da renda das persoas físicas                              | Aspectos do imposto e liquidación do mesmo   | 20                 | 15       |                           |     |     | X          |                           |     |
| 9      | Análise da situación económica-financieira e patrimonial da empresa | Análise patrimonial, financeiro e da rendabilidade   | 18                 | 5        |                           |     |     |            | X                         |     |
| 10     | Auditoría de contas   | Caracterización do proceso da auditoría da empresa   | 18                 | 5        |                           |     |     |            |                           | X   |
| Total: |   |  | 188                |          |                           |     |     |            |                           |     |

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                            | Duración |
|-----|---|----------|
| 1   | Contabilidade das operacións comerciais | 39       |

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Contabiliza en soporte informático os feitos contables derivados das operacións de transcendencia económico-financieiras dunha empresa, cumprindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PXC). | NO       |

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos  | Act | Título das actividades                                   | Duración (sesións) |
|---|-----|--|--------------------|
| 1.1 Repasar as contas do P.X.C. que interveñen nas compras e vendas de existencias<br>1.2 Valoración e contabilización dos custos e descontos incluídos nas facturas de compras de existencias<br>1.3 Valoración e contabilización dos custos e descontos noutras facturas e facturas rectificativas posteriores<br>1.4 Valoración e contabilización dos intereses por aprazamento do pago  | 1   | Contabilización das operacións de compras de existencias | 13,0               |
| 2.1 Valoración e contabilización dos custos e descontos incluídos nas facturas de vendas de existencias<br>2.2 Valoración e contabilización dos custos de venda e descontos noutras facturas e facturas rectificativas posteriores<br>2.3 Valoración e contabilización dos intereses por aprazamento do pago<br>2.4 Xestión de cobro dos clientes: contabilización dos efectos a cobrar<br>2.5 Insolvencias dos clientes: contabilización das situacións de insolvencias dos clientes | 2   | Contabilización das operacións de vendas de existencias  | 13,0               |
| 3.1 Valoración e contabilización doutros gastos de xestión: facturas de gastos doutros servizos<br>3.2 Valoración e contabilización dos gastos de persoal, e contas das administracións públicas relativas<br>3.3 Valoración e contabilización doutros ingresos de explotación  | 3   | Contabilización doutros gastos e ingresos de xestión     | 13,0               |
| <b>TOTAL</b>  |     |  | <b>39</b>          |

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación  | Instrumentos de avaliación  | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|--|-----------------------------|-------------------|------------------------|
| CA1.3 Caracterízanse as definicións e as relacións contables fundamentais establecidas nos grupos, nos subgrupos e nas contas principais do PXC                                    | ● LC.1 - Práctica posterior | N                 | 10                     |
| CA1.4 Rexistráronse, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas descritos anteriormente.   |                             |                   | 0                      |
| <b>CA1.4.1 Rexistráronse de forma manual, en asentos por partida dobre, as operacións máis habituais relacionadas cos grupos de contas relacionados coa explotación da empresa</b> | ● PE.1 - Exercicio práctico | S                 | 70                     |
| CA1.5 Clasifícanse os tipos de documentos mercantís que esixe o PXC, indicando a clase de operación que representan.   | ● PE.2 - Exercicio práctico | S                 | 20                     |

**TOTAL**
**100**
**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| 0Proceso contable por operacións comerciais.<br><br>Contas de persoal: contas relacionadas coa Administración pública.<br><br>Rexistro contable das operacións financeiras.<br><br>Rexistro contable da tesouraría.<br><br>Normalización contable. Plan Xeral de Contabilidade.<br><br>Estudo dos grupos do PXC.<br><br><a href="#">Estudo dos grupos do PXC relacionados coas operacións habituais de explotación da empresa</a><br><br>Provisións de tráfico. |

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

| Que e para que   | Como   |  |  | Con que  | Como e con que se valora   | Duración (sesións) |
|--|--|--|--|--|--|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)   | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación   |                    |
| Contabilización das operacións de compras de existencias - Estudio dos custos e contabilización das operacións de compras de existencias | <ul style="list-style-type: none"> <li>Repasar cos alumnos as contas previstas para as compras do grupo 6</li> <li>Repasar cos alumnos as normas de valoración das compras</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Repasar cos alumnos as distintas situacións que se poden dar cando mercamos mercaderías: descontos, compra de envases e embalaxes, etc</li> <li>Realizar supostos contables onde haxa que empregar as distintas contas relacionadas coa compra de mercaderías e a súa valoración</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Cofecemento da problemática da contabilización das compras</li> <li>Supostos contables propostos polo profesor resolto</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenador, plataforma do instituto, correo electrónico, pizarra e apuntes do profesor (en caso necesario algún programa de videoconferencia)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Práctica posterior</li> <li>PE.1 - Exercicio práctico</li> </ul> | 13,0               |
| Contabilización das operacións de vendas de existencias - Estudio dos custos e contabilización das operacións de vendas de existencias   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Repasar cos alumnos as contas relacionadas coas vendas de mercadorías, así como as normas de valoración das mesmas</li> <li>Repasar cos alumnos todas as casuísticas que se poden dar na venda de mercadorías: descontos, venda de envases e embalaxes, etc</li> <li>Explicar a problemática das posibles insolvencias dos clientes e as contas que se empregan para o seu reflexo contable.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Resolver supostos contables sobre a venda de mercadorías e as súas casuísticas</li> <li>Exercicios sobre a insolvencia de clientes</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Supostos e exercicios resolto sobre a venda de mercadorías, venda de envases e embalaxes e a insolvencia dos clientes</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra, ordenador, correo electrónico, plataforma do instituto e apuntes do profesor (en caso necesario algún programa de videoconferencia)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Práctica posterior</li> <li>PE.1 - Exercicio práctico</li> </ul> | 13,0               |



| Que e para que   | Como   |   |  | Con que  | Como e con que se valora  | Duración (sesións) |
|--|--|---|--|--|---|--------------------|
| Actividade (título e descrición)   | Profesorado (en termos de tarefas)   | Alumnado (tarefas)  | Resultados ou produtos   | Recursos   | Instrumentos e procedementos de avaliación                                    |                    |
| Contabilización doutros gastos e ingresos de xestión - Estudio doutros custos e ingresos da actividade ordinaria da empresa: gastos de servizos, tributos (excluíndo o imposto sobre sociedades), e gastos de persoal, e outros ingresos | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Repasar cos alumnos as contas previstas para os gastos e ingresos de xestión habituais e a súas normas de valoración</li> <li>• Explicar as contas relativas os gastos de persoal e os asentos contables que se deben realizar</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolver supostos contables nos que haxa que contabilizar diferentes facturas de ingresos e gastos, así como o seu cobro e pago</li> <li>• Resolver exercicios de contabilización das nominas do persoal.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Supostos resoltos onde se practican as contas de gastos máis habituais</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ordenador, plataforma do instituto, correo electrónico, pizarra e apuntes do profesor (en caso necesario algún programa de videoconferencia)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.2 - Exercicio práctico</li> </ul> | 13,0               |
| <b>TOTAL</b>   |  |   |  |  |   | <b>39,0</b>        |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                                 | Duración |
|-----|--|----------|
| 2   | Contabilidade das operacións de inmovilizado | 15       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
|-----|--------------|----------|
| 3   | MESSAGES     | 29       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe. | NO       |
| RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.   | NO       |
| RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.                                       | NO       |
| RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.   | NO       |
| RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.                              | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identificouse o estado de ánimo e o ton da persoa falante.    |
| CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.   |
| CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.   |
| CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.   |
| CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.   |
| CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seu elementos.   |
| CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.                 |
| CA2.5 Identificouse con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda. |
| CA2.6 Realizáronse traducións de textos complexos utilizando material de apoio, en caso necesario.   |
| CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).  |
| CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.   |
| CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.                 |
| CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.  |
| CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.  |
| CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.   |
| CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.   |
| CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.   |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes. |
| CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.   |
| CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.  |
| CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.   |
| CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.   |
| CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.   |
| CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.  |
| CA5.2 Descríbíronse os protocolos e as normas de relación social propios do país.   |
| CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.  |
| CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.   |

#### 4.3.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| <p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p>  |
| <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , ocucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> |
| <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p> <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>  |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD        | Duración |
|-----|---------------------|----------|
| 4   | MEETINGS AND EVENTS | 38       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe. | NO       |
| RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.   | NO       |
| RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.                                       | NO       |
| RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.   | NO       |
| RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.                              | NO       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.   |
| CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.  |
| CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.  |
| CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.  |
| CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.  |
| CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.                                   |
| CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seu elementos.  |
| CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo. |
| CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.   |
| CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).   |
| CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.  |
| CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.                |
| CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.   |
| CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.  |
| CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.   |
| CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.  |
| CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.  |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.  |
| CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes. |
| CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.   |
| CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.  |
| CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.   |
| CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.   |
| CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.   |
| CA5.2 Descríbense os protocolos e as normas de relación social propios do país.   |
| CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.   |
| CA5.6 Recoñécéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.   |

#### 4.4.e) Contidos

| Contidos  |
|---|
| <p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p>   |
| <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> |
| <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p>  |
| <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p>   |
| <p>Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p>  |
| <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>  |



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD            | Duración |
|-----|-------------------------|----------|
| 5   | COMMERCIAL TRANSACTIONS | 29       |

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe. | NO       |
| RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.   | NO       |
| RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.                                       | NO       |
| RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.   | SI       |
| RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.                              | NO       |

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.   |
| CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícase o estado de ánimo e o ton da persoa falante.    |
| CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.  |
| CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.  |
| CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.                                   |
| CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo. |
| CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.  |
| CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.                |
| CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.   |
| CA2.5 Identifícase con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda. |
| CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).   |
| CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.  |
| CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.  |
| CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.                |
| CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.   |
| CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.   |
| CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.  |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.  |
| CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.  |
| CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes. |
| CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.   |
| CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.  |
| CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.   |
| CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.   |
| CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.   |
| CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.   |
| CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.  |
| CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.  |
| CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.   |
| CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.   |

#### 4.5.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| <p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p>  |
| <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , ocucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> |
| <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p>   |
| <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p>  |
| <p>Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.</p>   |

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD             | Duración |
|-----|--------------------------|----------|
| 6   | COMPANIES AS COMMUNITIES | 29       |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe. | NO       |
| RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.   | NO       |
| RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.                                       | NO       |
| RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.   | NO       |
| RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.                              | NO       |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.   |
| CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícase o estado de ánimo e o ton da persoa falante.    |
| CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.  |
| CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.  |
| CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.  |
| CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.  |
| CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.                                   |
| CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.                |
| CA2.5 Identifícase con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda. |
| CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.  |
| CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.  |
| CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.                |
| CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.   |
| CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.  |
| CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.   |
| CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.  |
| CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.  |

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.  |
| CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes. |
| CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.   |
| CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.   |
| CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.   |
| CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.   |
| CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.   |
| CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.  |
| CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.   |

#### 4.6.e) Contidos

| Contidos   |
|--|
| <p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p>  |
| <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , ocucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> |
| <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p>   |
| <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.</p>  |
| <p>Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p>   |

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A finalidade da avaliación é, como é lóxico, determinar se o alumnado acadou os obxectivos mínimos elementais para este curso. Dada a variedade de actividades e o número de sesións semanais, a avaliación é tamén variada e recorre a distintos medios. Avaliase o grao de cumprimento dos obxectivos no que se refire ás catro destrezas lingüísticas, posto que as catro son necesarias no contexto profesional deste ciclo. Avaliarase por tanto o grao de expresión e comprensión oral e escrita, é dicir, se o alumnado cumpre cos obxectivos á hora de entender mensaxes orais, expresarse oralmente, le de maneira comprensiva e se expresa por escrito con corrección. En todo caso, e dado o carácter comunicativo da materia, este aspecto será tido en conta á hora de avaliar. Noutras palabras, a consecución do obxectivo da comunicación debe ser tido en conta, á hora de avaliar, xunto coa corrección gramatical ou fonética.

A avaliación do alumnado levarase a cabo mediante probas obxectivas por escrito, rúbricas orais, táboas de observación e listas de cotexo. Aínda que unha grande parte do traballo realizado é oral, as probas escritas permiten contrarrestar o nerviosismo propio dos exames, reflicten de todas formas o coñecemento da lingua como instrumento comunicativo e achegan obxectividade e maior rigor ao proceso avaliador. Por trimestre realizaranse como mínimo unha proba escrita de traballo xeral. Os resultados destas probas escritas veranse despois variados (nun sentido ou noutro) por outros criterios. A nota media de cada avaliación calcularase segundo os seguintes criterios:

- Linguaxe funcional, vocabulario e uso da lingua (15%) (Proba de contidos sintáctico discursivos, frases feitas e léxico).
- Comprensión oral (15%) (Proba de listening que pode constar de exercicios de resposta aberta, completar coa información que falta, verdadeiro/falso e/ou múltiple elección).
- Comprensión escrita (15%) (Proba para comprobar a comprensión lectora que pode constar de exercicios de resposta aberta, verdadeiro/falso, sinónimos e/ou múltiple elección)
- Expresión oral (25%) (Proba oral que pode constar de interaccións, mediacións e/ou presentacións).
- Expresión escrita (25%) (Proba de redacción sobre documentos profesionais traballados na aula).
- Desenvolvemento na aula (5%) (Interacción e produción escrita na aula de maneira activa e con suficiente corrección).

Para aprobar cada trimestre, será necesario obter unha calificación de 5 puntos sobre 10 obtida mediante a media dos diferentes instrumentos de avaliación empregados.

A primeira avaliación terá un peso dun 20%, a segunda 30% e a terceira 50%. A suma destas tres porcentaxes dará a nota final do curso sempre e cando esta non sexa inferior a da terceira avaliación, en cuxo caso prevalecerá a nota do último trimestre.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para recuperar o módulo, aqueles estudantes que pasen a 2º curso do ciclo poderán facer o seguimento da materia ben a través da aula virtual do centro ou mediante Google Classroom. Alí, poderán consultar as explicacións, exercicios, apuntamentos e demais materiais cos que estará

traballando o alumnado do curso actual . Sobre este tipo de exercicios, farase unha proba a mediados do mes de marzo centrada contidos nos contidos mínimos da programación.

O alumnado que suspenda inglés pero suspenda tamén outros módulos e teña que repetir, seguirá o curso seguinte con normalidade cos compañeiros matriculados en 1º sen necesidade de seguir ningún plan especial.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Por ser unhas ensinanzas regradas oficiais de tipo presencial, e segundo consta na normativa vixente, a asistencia a clase é obrigatoria, perdendo o alumnado o dereito á avaliación continua ao superar as faltas, xustificadas ou non, un 10% do total das horas anuais de clase (160 horas/192 sesións de 50 minutos) Isto quere dicir que con máis de 20 faltas a clase, o alumnado será avaliado por medio dunha proba final que recolla o grao de cumprimento dos obxectivos da materia, sen ter en conta outros aspectos que si se recollen na avaliación continua segundo se explica na sección correspondente. O alumnado que perda o dereito a avaliación continua fará unha proba ao final do curso, xunto cos alumnos que non aprobaron ao longo do curso.

A proba final será deseñada sobre os contidos traballados ao longo do curso. A distribución dos distintos elementos avaliábeis será nas mesmas proporcións que nas probas de avaliación ordinarias.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O curso de inglés para o Módulo profesional de Inglés no Ciclo Superior de Administración de Finanzas, seguirá unha metodoloxía comunicativa. O principal obxectivo deste módulo é dotar o alumnado dos recursos e habilidades suficientes para comunicarse en inglés, oralmente e por escrito, no contexto profesional do ciclo. A gramática terá un valor de apoio e reforzo, sen ser nunca o centro do proceso de aprendizaxe; o vocabulario técnico especializado na materia (o mundo da empresa, comercio, importación e exportación) será fundamental, así como o dominio das destrezas orais para o feito comunicativo de comprensión e expresión. Faranse, por tanto, moitas actividades de comprensión e expresión oral, aspecto moi importante no desempeño profesional e no que o alumnado normalmente ten máis carencias.

Maioritariamente as actividades do alumnado serán de tipo activo, non receptivo; o alumnado intervéñe no proceso comunicativo de aprendizaxe de maneira activa, falando, escoitando, lendo e escribindo. En todos estes casos será fundamental o emprego de vocabulario específico dos campos relacionados co mundo dos negocios e a empresa, en especial o relacionado co comercio.

Por todo isto, a lingua vehicular da clase será o inglés, para reproducir o contexto comunicativo de maneira máis aproximada e simular as situacións de uso do idioma de maneira máis realista. O tipo de actividades que están orientadas a poñer en práctica estas liñas metodolóxicas tendo en conta os obxectivos deste módulo e os contidos e capacidades terminais é moi variado e aparece detallado no desenvolvemento das unidades de traballo.

As actividades propostas nas primeiras semanas do curso tenderán por un lado a repasar conceptos lingüísticos básicos e por outro a introducir de maneira directa vocabulario técnico contextualizado para que o alumnado, que maioritariamente nunca tivo contacto co mundo da empresa, reciba a primeira información ao respecto.

A continuación, pasado o período de aproximación á materia, as actividades relizaranse de maneira regular seguindo un libro de texto como principal fonte e materiais extra que o profesor considere oportuno (recursos online, fotocopias adicionais, arquivos de vídeo e audio...).

As seis xornadas lectivas semanais organízanse en tres días con dúas sesións os luns, dúas sesións os martes, unha sesión o mércores e unha sesión o venres.

Igual que sucedera o último ano, dispoñemos este curso de auxiliar de conversa para reforzar a práctica oral; terá unha sesión lectiva semanal na aula xunto co profesor titular.

Tal e como establece a Orde do 12 de xullo, publicada no DOG nº 136 do 15-07-11, cada mes entregarase á xefa de departamento o seguimento da programación e cumprimento da mesma, facendo constar o número de unidades didácticas impartidas no mesmo. En caso de non cumprir as programacións indicárase os motivos do non cumprimento.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- a. O grao de cumprimento da temporalización
- b. O logro dos obxectivos programados
- c. Os resultados académicos acadados

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Debido ás características deste ciclo e á ausencia de requisitos de nivel lingüístico de inglés, pódese dar o caso de alumnos cun nivel intermedio-alto (propio da formación recibida ata 2º de Bacharelato), con alumnos cun nivel de ESO ou mesmo que nunca estudaran inglés. Por tanto, para facer o diagnóstico correspondente previo ao deseño práctico das clases, realizarase os primeiros días de clase unha proba inicial para saber o nivel de inglés de cada alumno. Os primeiros días están dedicados ao coñecemento mutuo entre os alumnos e entre o alumnado e o profesor. Consideramos importante que o profesor coñeza o contexto vital en que se atopa o alumnado para poder levar o traballo de grupo co mellor aproveitamento posíbel. As actividades propostas nestas primeiras semanas tenderán a repasar conceptos lingüísticos básicos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A partir dos resultados da proba inicial e das primeiras actividades, descubriranse os puntos fortes e os puntos fracos dos alumnos, polo que se desenvolverán medidas de reforzo para superar os atrancos que poidan ter neste primeiro momento os alumnos que as necesiten. Entre estas medidas de reforzo estará a realización de exercicios específicos que terán que presentar semanalmente ao profesor durante o primeiro mes de curso. Ao mesmo tempo, e para favorecer a evolución do alumnado cun nivel máis avanzado, daráselles a estes últimos material complementario e de extensión.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En todas as unidades aparece en maior ou menos medida algún tema de interese social, de relación persoal, de ética persoal ou profesional, etc. Ademais, como tema de conversación para a práctica oral, faranse debates ou proporanse diálogos sobre distintos temas relacionados coa educación en valores.

Asuntos tratados nas unidades traballadas co libro de texto:

- A importancia da socialización na construción das relacións humanas.
- A sociedade da información e a intimidade das persoas.
- As diferencias culturais nas relacións persoais (saúdos, rasgos de comportamento, reaccións, emocións...)
- As normas de cortesía e as diferencias culturais asociadas.
- A esencia do emprendimento.
- A importancia do traballo en equipo.
- A puntualidade como aspecto esencial no traballo.

Asuntos tratados nas clases de práctica oral:

- Diferencias entre homes e mulleres no traballo.
- Diferencias culturais.
- Racismo e xenofobia; relación co traballo.
- Lecer e festas; diferencias culturais.
- Medos e ambicións.
- Internet e a multitarea.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Para este curso non está organizada de momento ningunha actividade complementaria. A medida que pase o curso, se o departamento o considera oportuno, organizarase calquera actividade de extensión do programa do curso que o departamento considere oportuno.